



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de abril de 2022 (1196/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día trece de abril de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(237).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de abril de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(238).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA DIRECTA Á ASOCIACIÓN ESPAÑA CON ACNUR. PROXECTO: PROTECCIÓN E ASISTENCIA DE POBOACIÓN REFUXIADA VENEZOLANA EN COLOMBIA NO CONTEXTO DO COVID-19 (ANO 2022). EXPTE. 231471/301.

Visto o informe de fiscalización de data 08/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto á Xefatura, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 11.02.2022 (Doc. nº 220031860) o/a representante da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) presentou no Rexistro

electrónico do Concello de Vigo unha solicitude de subvención para o desenvolvemento dun proxecto humanitario de asistencia e protección da saúde fronte á pandemia da COVID-19 á poboación refuxiada e migrante venezolana en Colombia (Norte Santander) para o exercicio de 2022.

I.2. Achegouse tamén (ou consta xa en poder desta Administración) a documentación administrativa necesaria para a concesión da subvención: datos identificativos da entidade, Memoria xustificativa/Proxecto, certificacións administrativas de cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, estatutos sociais, acreditación da representación, CIF, certificación bancaria actualizada, declaración de non estar inhabilitada nin incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións públicas, etc.

I.3. Mediante Resolución do 22.02.2022, a Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social ordenou a incoación de expediente administrativo para a tramitación e resolución da subvención a favor da Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) para a execución dese proxecto.

I.4. O 30.03.2022 a Asociación “España con ACNUR” presentou a través do Rexistro electrónico municipal (Doc. nº 220064185) os documentos definitivos do proxecto e da solicitude, subsanándose neles a discrepancia observada neles a respecto da poboación beneficiaria e a duración das axudas.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- Declaración Universal de Dereitos humanos, 10 de decembro de 1948.
- Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, 19 de decembro de 1966.
- PIDESC (Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, 19 de decembro de 1966).
- Convención internacional sobre os dereitos do neno, adoptada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 novembro de 1989.
- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- Carta Europea de Autonomía local, Estrasburgo 15.10.1986 (BOE nº 47, 24.02.1989).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LO.2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sostibilidade financeira.
- L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento.
- L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado.
- L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia.
- D.29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- TRRL (RDlex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).



Concello de Vigo

- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- RD.794/2010, do 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional que se concedan pola Admón. do Estado.
- TRLRFL (RDlex. 2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Orde EAH/3565/2008, do 3 de decembro, modificada pola Orde HAP 419/2014, do 14 de marzo, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades locais.
- RD.130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a BDNS e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal sobre aplicación da L.5/2014.
- Nota informativa do 16.03.2016 da Intervención xeral municipal sobre a BDNS.

III. INFORME

III.1. Segundo se indica na Memoria presentada, o “Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados” (ACNUR/UNHCR) brinda protección e asistencia ás persoas refuxiadas e desprazadas no mundo. ACNUR foi creado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas e comezou a traballar en 1951. Desde a súa creación ten proporcionado asistencia a millóns de persoas refuxiadas e desprazadas en todo o mundo, o que lle valeu o recoñecemento de dous Premios Nobel da Paz, en 1954 e 1981, e o Premio Príncipe de Asturias en 1991.

III.2. A Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) é unha ONGD, constituída o 26.11.1993 e declarada de utilidade pública, que se encarga de difundir a realidade da poboación refuxiada e desprazada de todo o mundo a través de campañas de sensibilización e educación ó desenvolvemento e de recaudar fondos para programas de emerxencia, post-emerxencia e desenvolvemento de ACNUR.

III.3. ACNUR basea o seu mandato na Convención sobre o Estatuto dos Refuxiados de 1951, que ten como obxectivo garantir o exercicio efectivo dos dereitos humanos das persoas refuxiadas e a non repatriación contra a súa vontade a un país onde sufran persecución. O Alto Comisionado axúdalles a repatriarse ó seu país de orixe cando as condicións así o permitan, a integrarse nos países de asilo ou a reasentarse en terceiros países.

Para este ano 2022 prevé que 102 millóns de persoas van necesitar a protección e asistencia de ACNUR, das que 21,7 millóns serán refuxiadas e case 52 millóns, desprazadas internas. Tamen hai 4,6 millóns de apátridas ás que se lles negou a nacionalidade e o acceso a dereitos básicos como a educación, a sanidade, o traballo e a liberdade de circulación.

III.4. Segundo se expresa no proxecto presentado ó Concello por ACNUR:

- «A finales de 2021, había 5 millones de refugiados y migrantes de Venezuela fuera de su país de origen repartidos por 17 países América Latina y el Caribe, la mayor parte en Colombia con 1,7 millones seguido de Perú con 1,3 millones y Ecuador con casi 500.000.

- A finales de 2021, había 1,8 millones de refugiados y migrantes venezolanos en Colombia (un 49% son mujeres) -un 87% de ellos en proceso de regularización del Estatuto de Protección Temporal para Venezolanos. Durante 2021 se habían desplazado internamente también dentro de Colombia 58.750 personas que forman parte de las más de 640.000 desplazadas desde la firma del Tratado de Paz en 2016.
- El presente proyecto se implementará en el departamento de Norte Santander, en Colombia. Se trata de una zona con alta acogida de refugiados y migrantes provenientes de Venezuela (...) De los más de 1,7 millones de venezolanos que había en junio del año pasado en Colombia, el 10,7% residía en Norte Santander (...).
- El presente proyecto no constituye una iniciativa aislada, sino que se enmarca dentro del Plan Regional de Respuesta para Refugiados y Migrantes de Venezuela -enero-diciembre de 2022 (...) formará parte, a su vez, del Programa de Respuesta al COVID-19 de ACNUR en Colombia 2022 que integra como uno de sus principales ejes de actuación a la dotación de dinero en efectivo a la población más vulnerable».

III.5. O obxectivo xeral do proxecto humanitario de ACNUR que se pretende subvencionar é o de contribuír ó proceso de protección internacional dos/as refuxiados/as venezolanos/as en Colombia garantindo o acceso a servizos de emerxencia.

III.6. Os seu obxectivo específico é fortalecer a capacidade de 21 familias refuxiadas venezolanas de 4 membros (un total de 84 persoas), no departamento de Norte Santander para afrontar as súas necesidades básicas (alimentación, saúde, vivenda, etc.).

III.7. Os resultados agardados descríbense do seguinte xeito:

«RESULTADOS: R1.- Mantenido y actualizado un registro de la población venezolana que permita destinar los recursos a quienes más lo necesitan. R2.- Realizadas las transferencias mensuales de alrededor de 75 euros a 21 familias venezolanas de 4 miembros- 84 personas en el Departamento de Norte Santander. R3.- Las familias beneficiarias afrontan sus necesidades básicas en materia de protección, vivienda, salud y alimentación».

III.8. As beneficiarias directas do proxecto “*Protección e asistencia de poboación refuxiada venezolana en Colombia no contexto do COVID-19*” (2022) serían, pois esas 21 familias refuxiadas venezolanas de 4 membros cada unha no Departamento de Norte Santander, que serían quen de satisfacer as súas necesidades máis básicas durante 6 meses coa axuda monetaria prevista.

III.9. Segundo se reflicte no orzamento presentado, o custo total deste proxecto humanitario estímase en 10.000€, que sería financiado integramente coa achega do Concello de Vigo.

III.10. Nos vixentes orzamentos municipais da Concellería de Política de Benestar Social está prevista a concesión dunha subvención nominativa a favor de ACNUR por importe de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”).

A posibilidade da súa concesión directa á entidade designada nos orzamentos prevese expresamente nos Arts. 22.2.a) da LXS e no Art. 19.4.a) da LSG. Para estes efectos, teñen a consideración de «sub-



Concello de Vigo

venções previstas nominativamente nos orzamentos municipais» aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

Ademais, a Disposición adicional 2ª da LSG, posta en relación co seu Art. 19.4, posibilita tamén a concesión directa das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento reguladas hoxe na L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, que inclúe entre as prioridades da cooperación galega a atención ás situacións de maior pobreza e desigualdade e establece a intervención prioritaria en ámbitos ou sectores como o exercicio dos dereitos sociais básicos polas persoas e os colectivos máis pobres e vulnerables (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico), a igualdade de xénero e o apoderamento e exercicio pleno e integral de dereitos das mulleres e da infancia ou a educación para a cidadanía global.

III.11. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ó que se imputa á subvención ou por instancia do interesado e rematará coa resolución de concesión ou coa formalización do correspondente convenio.

III.12. A concesión desta subvención estará suxeita, especificamente, ás condicións e compromisos establecidos na propia Resolución de concesión (Art. 26 LSG, Art. 28 LXS, Art. 67 RD.887/2006 e Base 38 das de execución dos orzamentos xerais): obxecto, beneficiarios, crédito orzamentario, compatibilidade/incompatibilidade con outras subvencións, pagamento e xustificación, etc.

III.13. As competencias municipais en materia de cooperación internacional descentralizada atopan fundamento tanto na lexislación de réxime local (Arts. 2 e 25 LRBRL, 80.1 LALGA...) como, especificamente, na lexislación sectorial estatal e autonómica. Así:

- A L.23/1998, do 7 de xullo, do Estado, de Cooperación internacional para o desenvolvemento, habilita expresamente para que desde as entidades locais se leven a cabo accións e programas incluíbles no concepto de *“cooperación para o desenvolvemento”*, expresión solidaria da sociedade local que, en todo caso, basearase nos principios de autonomía orzamentaria e auto-responsabilidade no seu desenvolvemento e execución (no marco da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento) e no de colaboración entre Admóns. Públicas, tocante ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos. A lei inclúe entre os obxectivos da política de cooperación internacional a prevención e atención das situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria (Arts. 3 e 20).
- A L.10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, reconece tamén esa mesma capacidade municipal para intervir en materia de cooperación internacional, considerando ás entidades locais como *“axentes da cooperación para o desenvolvemento”* (Art. 96.3.a]).
- Finalmente, a L.2/2014, do 25 de marzo, da Acción e do Servizo exterior do Estado, reafirma que as entidades locais poden actuar no eido da cooperación internacional para o desenvolvemento e expresa que a Acción exterior neste sector orientarase a contribuír á erradicación da pobreza, ó desenvolvemento humano sostible e ó pleno exercicio dos dereitos, mediante a consolidación dos procesos democráticos e o Estado de Dereito, a redución das desigualdades, o fomento dos sistemas de cohesión social, a promoción dos dereitos das mulleres e a igualdade de xénero, dando unha resposta de calidade ás crisis humanitarias.

A seguir, enumera entre os suxeitos da Acción Exterior do Estado ás Admóns. Públicas (entre as que, loxicamente, inclúese a Admón. local) e prescribe o deber dos órganos constitucionais, as CCAA, as Cidades Autónomas, «*as entidades que integran a Administración Local*» e os organismos, entidades e institucións delas dependentes de manter informado ó Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación das súas propostas sobre actuacións con proxección exterior, para que este departamento poida informar e, de ser o caso, emitir recomendacións motivadas sobre a adecuación da proposta de actuación ás directrices, fins e obxectivos da Política Exterior fixados polo Goberno e os instrumentos de planificación establecidos por esta lei (Arts. 5, 11 e ccdtes.).

Esta atribución competencial realizada pola lexislación sectorial en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento ten fundamento mediato na propia CE/1978 (Preámbulo, Título Preliminar, Arts. 9.2, 10, 137...) e resulta congruente co contido do Art. 10.3 da Carta Europea de Autonomía local, ratificada por España, que establece que as entidades locais poderán, nas condicións eventualmente previstas pola Lei, cooperar coas entidades doutros Estados.

Outra cousa é o alcance do exercicio desta competencia, que estará necesariamente supeditado ás directrices da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento e delimitado pola aplicación dos principios de colaboración, autonomía orzamentaria, autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución e cumprimento da lexislación en materia de estabilidade e sostibilidade orzamentaria.

III.14. O proxecto presentado ó Concello de Vigo pola Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) estaría en coherencia tanto coas políticas de acción humanitaria do Estado («V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021»; Apdo. 1.2. “*Retos de la Cooperación Española*”; subapdo. 1.2.1. “*Retos globales de desarrollo*”) como da cooperación galega, concretadas no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021», no que se recolle como unha das súas orientacións estratéxicas respostar ás crises humanitarias con calidade, priorizando a intervención en favor de poboacións en base á súa vulnerabilidade e propónse dar continuidade ó traballo con organizacións multilaterais ou especializadas neste eido como ACNUR.

III.15. Toda vez que ten transcendencia económica, antes da súa aprobación polo órgano competente (XGL), o expediente deberá ser sometido a informe preceptivo de fiscalización previa pola Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL e Arts. 133 e 136 LRBRL), a fin de verificar a existencia de crédito axeitado e suficiente para atender ás obrigas de contido económico derivadas da concesión da subvención.

III.16. O informe xurídico dáse por evacuado nos termos contidos no presente informe-proposta, redactado e asinado polo Asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar social (Resolución Concelleiro delegado da Área de Xestión municipal do 07.02.2013).

IV. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder á Asociación “España con ACNUR” (Comité español do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados) unha subvención directa por importe de 10.000€ (DEZ MIL EUROS) para o desenvolvemento do proxecto humanitario: “*Protección e asistencia de poboación refuxiada venezolana en Colombia no contexto do COVID-19*” (2022), de acordo coa documentación e a proposta presentadas ó Concello de Vigo que constan nos expedientes de referencia.

SEGUNDO.- Aprobar e autorizar o gasto de 10.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos orzamentos vixentes, a favor da Asociación “España con ACNUR”, CIF G – 80757560.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión.

CUARTO.- A concesión desta subvención rexerese polas seguintes Estipulacións:

1ª.- *Obxecto*: o obxecto desta subvención será a execución do proxecto de ACNUR “*Protección e asistencia de poboación refuxiada venezolana en Colombia no contexto do COVID-19*” (2022), co que se pretende fortalecer a capacidade de 21 familias refuxiadas venezolanas de 4 membros, un total de 84 persoas, no departamento de Norte Santander para afrontar as súas necesidades básicas. A intervención prevista é congruente coas liñas estratéxicas definidas no «V Plan Director da Cooperación Española 2018 – 2021» e no «IV Plan Director da Cooperación Galega 2018 – 2021».

2ª.- *Beneficiarios e modalidades de axuda*: as beneficiarias directas deste proxecto serían 21 familias refuxiadas venezolanas de 4 membros (84 persoas) que recibirían unha axuda de 75€/mes durante un periodo de 6 meses.

3ª.- *Crédito orzamentario*: o gasto que representa para o Concello de Vigo esta subvención poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.01 (“*Axuda a Acnur*”) dos vixentes orzamentos municipais.

4ª.- *Pagamento*: tendo en conta as características humanitarias do proxecto (enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento) e da propia entidade promotora (ACNUR), realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida” («Réxime especial das axudas en materia de cooperación exterior»).

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

5ª.- *Compatibilidade*: esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comuni-

car ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos. En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

6ª.- *Xustificación*: ó abeiro do previsto na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG e en atención á natureza e características específicas do proxecto humanitario de ACNUR, establécese un réxime especial de xustificación.

A documentación xustificativa da subvención deberá achegarse necesariamente **antes do 01.11.2022** a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá, como comprobantes da recepción e correcta execución dos fondos, os seguintes documentos:

- Informe técnico final.
- Certificado emitido pola entidade solicitante de que o proxecto foi executado na súa totalidade e a consecución de obxectivos.
- Certificado emitido pola entidade solicitante do tipo de cambio aplicado.
- Documentación acreditativa do envío dos fondos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Copia do ingreso da subvención na conta da entidade solicitante.
 - Copia da transferencia bancaria efectuada por parte da entidade solicitante á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da desagregación da transferencia bancaria efectuada á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
 - Certificado emitido pola entidade solicitante da non existencia de gastos e intereses dos fondos outorgados o tempo que estiveron depositados na conta da entidade solicitante antes de ser transferidos á contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Documentación acreditativa da recepción dos fondos pola contraparte local (UNHCR/ACNUR).
- Copia da factura expedida por UNHCR/ACNUR xustificativa do gasto realizado.
- Certificado da entidade solicitante acreditando a autenticidade da copia da factura.

A beneficiaria deberá facilitar, de ser o caso, a información complementaria que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.



Concello de Vigo

7ª.- *Protección de datos*: en cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto desta Resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial aplicable. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

8ª.- *Réxime xurídico aplicable*: A concesión da subvención rexerese, ademais de polas anteriores estipulacións, pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006; as Bases de Execución dos orzamentos municipais, o Plan Estratégico de Subvencións 2021 – 2023 do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(239).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DAS INSCRICIÓNS, CLASIFICACIÓNS E CRONOMETRAXE DO CIRCUÍTO RUN-RUNVIGO. EXPTE. 21172/333.

Visto o informe de fiscalización de data 08/04/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 07/04/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RUNRUNVIGO (21.172-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RUNRUNVIGO (21.172-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 3 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro:Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para a prestación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo.

Segundo: Aprobar o Prego de prescrición técnicas particulares coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuito RunRunVigo na cidade de Vigo, asinado polo xefe do servizo de deportes-Director deportivo, con data 18 de xaneiro de 2022.

Terceiro: Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado pola Técnica de administración Xeral e a xefa do servizo de contratación do Concello de Vigo con data 18 de xaneiro de 2022.

*Cuarto: Autorizar o gasto polo importe máximo de **10.213,91€ sen iva**, e un importe correspondente o iva (21%) de **2.144,92 €** o cal totaliza un importe de **12.358,83 €** con IVE (21%), co seguinte desglose do contrato por anualidades:*

| Anualidades | Importe sen iva | IVE | Importe con IVE |
|-------------|-----------------|------------|-----------------|
| 2022 | 10.213,91 € | 2.144,83 € | 12.358,83 € |
| Totais | 10.213,91 € | 2.144,83 € | 12.358,83 € |

Dito importe deberá ser aplicado con cargo os créditos do orzamento da concellería de Deportes na partida que se detalla e a bolsa de vinculación:

| | | |
|------|-----------|--|
| 3410 | 226.09.01 | Organización de actividades deportivas |
|------|-----------|--|



Concello de Vigo

Quinto: Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 17 de marzo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611) na seguinte orde descendente:

| | Licitadores | Puntuación total |
|---|---------------------|-------------------------|
| 1 | TEAM RELAY, S.L. | 90,00 |
| 2 | 321GO EVENTOS, S.L. | 79,02 |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TEAM RELAY, S.L., o 21 de marzo de 2022, que presenta a documentación requirida os días 4, 5 de abril de 2022, dentro do prazo concedido. Rematado este prazo, o día 6 o licitador ampliou a documentación xa presentada.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de abril de 2022 revisou e admitiu a documentación presentada en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales) e considerouna correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TEAM RELAY, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TEAM RELAY, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 7 e 15 de marzo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a TEAM RELAY, S.L. (B-36.963.601) o procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión das inscricións, clasificacións e cronometraxe do circuíto RUNRUNVIGO (21.172-333) coas seguintes condicións:

- a) *O orzamento máximo é de 12.358,83 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.144,92 euro, cunha baixa proporcional única do 20 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- b) *Propón os seguintes servizos complementarios:*
 - *Zona de control intermedio complementario en todas as probas*
 - *Monitor de seguimento de clasificacións na zona de chegada de cada proba cun tamaño mínimo de 55”*
 - *5 Mailing masivos de promoción de carreiras pedestres ou eventos en vía pública a celebrar na cidade de Vigo organizados ou con participación municipal non incluídos no programa RunRunVigo*
 - *Ampliación do prazo de inscrición de corredores ata 48h previas á celebración do evento nos casos que se solicite*
 - *Enlace directo no contorno web da empresa ás principais redes sociais dos organizadores de cada unha das probas e do Concello de Vigo*
- c) *Propón unha porcentaxe de desconto do 20 (%) a aplicar ao prezo sinalado na cláusula 5 do PPT para o aluguer de chip desbotable ou no reutilizable ás entidades organizadoras de cada unha das probas.*



Concello de Vigo

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(240).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO, FASE IV”. EXPTE. 991/441.

Visto o informe de fiscalización de data 08/04/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 07/04/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV” (991-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV” (991-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 30 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “HUMANIZACIÓN DA AVENIDA MARTÍNEZ GARRIDO FASE IV” redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portes D. José Ramón Fernández Ceballos, cun orzamento base de licitación máis IVE de 1.200.689,56 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27/08/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DOUSCENTOS MIL SEISCENTOS OITENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.200.689,56 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 208.384,14 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.32 (HUMANIZACIÓN M. GARRIDO, ÚLTIMA FASE), segundo a distribución de anualidades proposta.

| | |
|-------|----------------|
| 2021 | 550.000,00 € |
| 2022 | 650.689,56 € |
| TOTAL | 1.200.689,56 € |

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 118,31%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 24 de marzo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV” (991-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Puntuación total |
|---|--|-------------------------|
| 1 | CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) | 98,87 |
| 2 | XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. | 97,92 |
| 3 | ORECO S.A.U. | 96,86 |
| 4 | CIVIS GLOBAL, S.L.U. | 96,41 |
| 5 | ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. | 96,10 |
| 6 | NAROM SL | 86,99 |
| 7 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L. | 85,70 |
| 8 | UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES S.L. - CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U. | 82,45 |
| 9 | ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. | 79,70 |



Concello de Vigo

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 24 de marzo de 2022, que presenta a documentación requirida o 8 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de abril de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 8 e 17 de marzo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-15.208.408) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización da avenida Martínez Garrido, fase IV” (991-441) por un prezo total de 960.431,58 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 166.686,47 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(241).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ÚTIL A TRAVÉS DE GAS NATURAL E O MANTEMENTO INTEGRAL (TOTAL) DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 4267/611.

Visto o informe de fiscalización de data 08/04/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 07/04/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611)

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Primeiro.- Con data do 3 de febreiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXIA UTIL A TRAVES DE GAS NATURAL E O MANTEMENTO INTEGRAL (TOTAL) DAS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE DAS DIVERSAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 28 de decembro do 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 29 de decembro do 2021 corrección de data 18 de xaneiro de 2022.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 386.383,38 euros euros con iva, sendo o IVE a soportar pola administración de 67.058,27 euros, sendo:

A) O Termo fixo (mantemento total): 165.775,03 euros, dos cales 36.229,41 euros se corresponden cos custos de reparación da monitorización da telexestión das instalacións.

B) O Termo variable (subministro): 220.608,35 euros.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

| PERIODO | IMPORTE TOTAL / € C/IVE | SUBMINISTRO/€ C/IVE | APLICAC. ORZAMENTARIA | MANTEMENTO INTEGRAL CON GARANTÍA TOAL€ / C/IVE | APLICAC. ORZAMENTARIA |
|------------------------------------|-------------------------|---------------------|-----------------------|--|-----------------------|
| 2022 (16/05/2022 a 31/12/2022) | 78.900,19 | 27.802,70 | 34202210200 | 51.097,49 | 34202279921 |
| 2023 | 68.397,30 | 44.121,67 | 34202210200 | 24.275,63 | 34202279921 |
| 2024 | 71.346,67 | 44.121,67 | 34202210200 | 27.225,00 | 34202279921 |
| 2025 | 71.346,67 | 44.121,67 | 34202210200 | 27.225,00 | 34202279921 |
| 2026 | 71.346,67 | 44.121,67 | 34202210200 | 27.225,00 | 34202279921 |
| 2027 (01/01/2027 a 15/005/2027) | 25.045,88 | 16.318,97 | 34202210200 | 8.726,91 | 34202279921 |
| | 386.383,38 | 220.608,35 | | 165.775,03 | |

O contrato financiarase con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias 3420.2210200 “ Gas”, 3420.2279921 Mantemento caldeiras gas pavillóns e bolsa de vinculación.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de abril de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611) na seguinte orde descendente:

| Orde | Licitador | Puntuación total |
|-------------|--------------------------------|-------------------------|
| 1 | VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. | 100 puntos |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. (A-15.208.408), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., o día 1 de abril de 2022, que presenta a documentación requirida o 6 de abril, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de abril de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Concello de Vigo

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 14 e 29 de marzo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a VEOLIA SERVICIOS NORTE, S.A.U. (A-15.208.408) o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía útil a través de gas natural e o mantemento integral (total) das instalacións de calefacción e produción de auga quente das diversas instalacións deportivas dependentes da concellería de deportes (4.267-611) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 335.909,84 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 58.298,40 euros e co seguinte detalle:*

| Termo fixo (mantemento total) | Termo variable (subministro) |
|--|--|
| 115.301,49 (IVE 20.011,00 euros) | 220.608,35 euros (orzamento máximo) |

- b) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar ao termo variable da enerxía térmica útil segundo o tipo de tarifa que lle corresponda a cada instalación do 10,78%.*
- c) *Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar sobre o prezo unitario máximo para a facturación da enerxía solar térmica (PST) do 90,00%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(242).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGUIMENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, DENTRO DAS COMPETENCIAS DA CONCELLERÍA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 772/441.

Visto o informe de fiscalización de data 08/04/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 01/04/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xaneiro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do “CONTRATO DE SEGUIMENTO, CONTROL E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E EQUIPOS DE TRABALLO XESTIONADOS POLO TALLER DE VÍAS E PARQUE MÓBIL MUNICIPAL, DENTRO DAS COMPETENCIAS DA CONCELLERÍA DE FOMENTO DO CONCELLO DE VIGO”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe da Unidade de Mantemento de Vías Municipais en data 24 de novembro de 2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en datas 24 e 25 de novembro de 2021.



Concello de Vigo

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “TRINTA E SETE MIL DOUSCENTOS VINTE E SEIS EUROS con NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS” (37.266,92 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 6.460,87 €.

Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes, sendo o mesmo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.227.06.03 (ESTUDIOS DE SEGURIDADE E SAÚDE), segundo a seguinte distribución de anualidades:

| | |
|-------|-------------|
| 2021 | 1.551,12 € |
| 2022 | 18.613,46 € |
| 2023 | 17.062,34 € |
| TOTAL | 37.226,92 € |

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de marzo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 11 de febreiro de 2022, de INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.3C do PCAP).

Segundo.- Excluir deste procedemento a COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por conter a súa ofertas; valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441) na seguinte orde descendente:

| | Licitador | Baixa ofertada (s/IVE) |
|---|---------------------------|-------------------------------|
| 1 | APPLUS NORCONTROL, S.L.U. | 8.702,26 € |

| | Licitador | Baixa ofertada (s/IVE) |
|---|--|-------------------------------|
| 2 | AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. | 8.030,53 € |
| 3 | INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L. | 6.046,05 € |
| 4 | CSM GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, S.L.U. | 6.023,03 € |
| 5 | PREVENNOVA SEGURIDAD Y SALUD, S.L. | 5.966,95 € |
| 6 | INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. | 4.774,05 € |

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, APPLUS NORCONTROL, S.L.U., o día 10 de marzo de 2022, que presenta a documentación requirida o 18 de marzo de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de marzo de 2022 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. para que puidese emendar a acreditación da solvencia técnica de acordo coas esixencias da cláusula 8.4.3º do PCAP.

O mesmo día da sesión recíbese no Servizo de Contratación escrito presentado polo licitador relativo á súa solvencia técnica e no que declara ter prestado outros servizos análogos no Concello de Vigo.

O Servizo de Contratación solicita informe á Área de Fomento en relación coa documentación presentada.

Con data do 30 de marzo de 2022 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emite o informe solicitado.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 1 de abril de 2022 revisou a solvencia técnica do licitador segundo o informado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 30 de marzo, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos



Concello de Vigo

licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar APPLUS NORCONTROL, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por APPLUS NORCONTROL, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula de data 7 de marzo de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos:*

- *Exclusión acordada pola Mesa de Contratación, na sesión do 11 de febreiro de 2022, de INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.3C do PCAP).*
- *Exclusión adoptada o 10 de marzo de 2022 pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), de COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha en prazo.*

2. *Adxudicar a APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B-15.044.357) o procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441) por un prezo total de 26.697,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.633,39 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(243).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REPARACIÓN DE DANOS NA ESTRUTURA, ADAPTACIÓN CONTRAINCENDIOS E ACCESIBILIDADE NO EDIFICIO DO PARQUE CENTRAL – LAVADORES” EXPTE. 1015/441. Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 01/04/2022, que di o seguinte:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (DECLARACIÓN DE DESERTO)

b) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (1.015-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores” (1.015-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, das obras de “Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores”.

Segundo.- O día 10 de marzo de 2022 cursouse invitación a catro empresas: ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, S.L., ORECOBALGON, S.A., CIVISGLOBAL S.L.U. e CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L., rematando o prazo para a presentación das proposicións o 4 de abril.

Terceiro.- Durante o prazo concedido só presentou proposición ORECOBALGON, S.A.



Concello de Vigo

Cuarto.- A Mesa de Contratación, na súa sesión do 7 de abril de 2022, acordou non admitir a ORECOBALGON, S.A. por ter presentado unha proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que na sesión do 7 de abril de 2022 se acordou non admitir ao único licitador presentado a esta licitación, ORECOBALGON, S.A., procede declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de “Reparación de danos na estrutura, adaptación contra incendios e accesibilidade no edificio do Parque Central - Lavadores” (1.015-441) porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a proposición sen encriptar (cláusula 13.4i.1 do PCAP)”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(244).- PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DO CLUB CICLISTA RIAS BAIAS COMO ENTIDADE DE ELITE DE VIGO POLA DINAMIZACIÓN DO SEU PROXECTO DEPORTIVO NA TEMPADA 2021-2022. EXPTE. 21201/333.

Visto o informe xurídico do 24/03/2022 e o informe de fiscalización do 04/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/03/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 21201-333 sobre a subvención nominativa a favor de entidades deportivas sen ánimo de lucro polo desenvolvemento de proxecto xeral de actividade da entidade considerada de elite na tempada deportiva 2021-2022 e atendendo ás observacións transmitidas pola Intervención do Concello, procédese a informar sobre as consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

Corrixíuse a aplicación orzamentaria obxecto de imputación, substituíndose a aplicación: 3410.4890004, que non se corresponde con esta subvención nominativa no orzamento en vigor (2022) pola aplicación: **3410.4800004**, que se corresponde coa dotación de crédito para subvención nominativa a favor do CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS. Deste modo os parágrafos corrixidos quedan tal e como se detalla:

*“Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria **3410.4800004** a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.”*

*“Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria **3410.4800004** consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.”*

*“SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS co CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21201-333. Este crédito é con cargo á partida **3410.4800004** do vixente orzamento.”*

*“IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida **3410.4800004** prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS.”*

*“3º.- Conceder directamente á entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria **3410.4800004** do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.”*

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

ANTECEDENTES

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 10.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4800004 a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.



Concello de Vigo

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas primeiras categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS conta cun equipo de elite na modalidade de ciclismo na categoría primeira. A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría primeira hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- 1. A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema



Concello de Vigo

Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.4800004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00 € a favor da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS co CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21201-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4800004 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21201/333).

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Jose Luís Chamorro Pérez como presidente da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS CIF: G36842946 e enderezo social en Avenida Castelao 3 4º B (36209), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21201/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría primeira, desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do ciclismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.



Concello de Vigo

- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Consegur que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4800004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS na tempada deportiva 2021-2022.

VI.- Que a entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21201-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de ciclismo na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.



Concello de Vigo

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS unha subvención por importe de 10.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprarán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.



Concello de Vigo

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e



Concello de Vigo

sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

9(245).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3815/440.

Visto o informe xurídico do 06/04/2022 de data e o informe de fiscalización do 08/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 01/04/2022, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación do expediente. A Xunta de Goberno Local aprobou na sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2016, o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a prestación dos SERVIZOS DE LIMPEZA DOS COLEXIOS PÚBLICOS E DAS ESCOLAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO, o prego de prescricións técnicas particulares mailo prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación, así como, a autorización do gasto.

2.- Adjudicación. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 03 de febreiro de 2017, acordou adjudicar a MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (expediente 3815/440), por un prezo total do contrato de 11.323.180,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.965.180,00 euros.

3.- Formalización do contrato. Con data 26 de abril de 2017 asinouse o contrato entre o Concello de Vigo e a mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., como empresa adjudicataria para a prestación dos servizos de limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, de conformidade co citado acordo de adjudicación, e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/04/2017 de continuar coa tramitación do expediente, unha vez resolto o recurso especial en materia de contratación interposto contra a devandita adjudicación.

4.- Prazo. O prazo do contrato é de 4 anos a contar dende o 1 de maio de 2017, estando contempladas dúas prorrogas de un ano cada unha.

5.- Primeira Prórroga do contrato. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de abril de 2021, acordou aprobar a primeira prórroga deste contrato para o período comprendido entre o 1 de maio de 2021 e o 30 de abril de 2022, autorizando e comprometendo o importe de 2.854,898,08 euros correspondente ao período dunha anualidade desta prórroga.

6.- Modificación do contrato (expediente 6510/241). A Xunta de Goberno Local en data 10 de setembro de 2020, acordou modificar o contrato dos servizos de limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, para cumprir o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitarios de Galicia. Nesta modificación tense en conta que estamos nunha situación moi cambiante en función da evolución da pandemia polo que non pode precisarse con exactitude cales van ser as necesidades dos centros en canto á limpeza, así como a posibilidade de cambios nos protocolos e normativa de aplicación. Por estas razóns, o número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe da modificación un importe máximo en función das necesidades. Nestes termos a modificación supón o reforzo das tarefas de limpeza indicadas no protocolo cun incremento máximo de 25.096,50 horas de prestación do servizo por un prezo máximo de 490.134,64 euros (meses de setembro de 2020 a abril de 2021). A facturación do reforzo de limpeza e desinfección previsto na modificación realizarase independentemente da factura mensual do contrato de limpeza en base as horas efectivamente realizadas, acompañando a cada factura a relación de centros e horas realizadas.

7.- Revisións de prezos. De conformidade coa cláusula 31.1 do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAP), a Xunta de Goberno Local acordou aprobar, tras a aplicación dos correspondentes criterios de revisión, as seguintes revisións de prezos do contrato de servizos de Limpeza dos Colexios Públicos e das Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo a favor da adjudicataria MANTELNOR LIMPEZAS S.L.U. (CIF B-15.857.220):

- en sesión de 4 de xullo de 2019 aprobou a primeira revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2018, resultando un novo prezo anual de **2.831.631,15 euros**, IVE incluído.



Concello de Vigo

- en sesión do 19 de febreiro de 2021 aprobou a segunda revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2019, resultando un novo prezo anual de **2.842.957,67 euros**, IVE incluído.
- en sesión do 19 de febreiro de 2021 aprobou a terceira revisión de prezos do contrato a partir do 1 de maio de 2020, resultando un novo prezo anual de **2.854.898,08 euros**, IVE incluído.
- en sesión do 24 de febreiro de 2022 aprobou a cuarta revisión de prezos do contrato, a partir do 1 de maio de 2021, resultando un novo prezo anual de **2.860.322,39 €**, IVE incluído.

8.- Requirimento da segunda prórroga: En consonancia co artigo 303 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“O presente contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. O contratista poderá opoñerse a prórroga comunicándoo por escrito con 10 meses de antelación a data de vencemento do prazo ou da prórroga en curso.*

Mediante escrito de data 23 de febreiro de 2022 (documento 220039973, anexado ao expediente), dona María Carolina Canosa Calo como representante da entidade Mantelnor Limpiezas SLU, manifesta a súa aceptación en acollerse á segunda prórroga do contrato por unha anualidade (para o período de 1 de maio de 2022 a 30 de abril de 2023).

9.- Prestación do servizo: A prestación do servizo de Limpeza nos Colexios Públicos por parte da empresa actualmente adxudicataria (Mantelnor Limpiezas SLU) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade da prestación do servizo mediante a materialización da segunda prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP polo período do 1 de maio de 2022 alo 30 de abril de 2023.

10- Orzamento: O prezo anual do contrato tras a cuarta revisión recollida no antecedente 7 deste informe quedou fixado en **2.860.322,39 euros**, IVE incluído.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un curso deste contrato sería de 2.860.322,39 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 1.716.193,43 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de maio a decembro – seis meses) e 1.144.128,96 euros con cargo ao exercicio 2023 (de xaneiro a abril - catro meses) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 (Limpeza colexios) dos exercicios 2022 e 2023, conforme á anterior división.

No que atinxe ao reforzo das tarefas de limpeza e desinfección para cumprir o Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 que deu lugar á modificación do contrato recollida no antecedente 6, segue a ser necesaria a prestación deste servizo en tanto continúe a situación epidemiolóxica. Na data actual resulta de aplicación o “Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022” (versión 06/07/2021) que aparece publicado na paxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Non obstante, haberá que atender no seu caso á normativa que sobre limpeza e desinfección nos colexios dite a administración competente para o curso 2022-2023.

Cómpre indicar que a aparición da variante ómicron da Covid-19, coa sexta onda da enfermidade, ten tido unha especial incidencia nos centros escolares de educación infantil e primaria, sobre as nenas e nenos menores de 12 anos (escolares sen vacinar ou con pauta de vacinación incompleta), polo que se fai necesario un lixeiro incremento nas tarefas de desinfección dos centros escolares. Desta forma, propónse para o período da prórroga un aumento no número de horas máximo para estas limpezas extraordinarias, ata un máximo total de 24.725,50 horas para o período da segunda prórroga, sobre todo para os meses de 2022, xa que se prevé unha evolución máis favorable da situación sanitaria para o ano 2023.

Sendo así, dende o 1 de maio de 2022 ao 31 de abril de 2023, faise unha previsión dun incremento máximo estimado de 24.725,50 horas de prestación do servizo, que multiplicado polo importe de 19,53 euros/hora dá un prezo máximo de **482.889,02** euros. Cómpre sinalar que o número de horas de reforzo do servizo é unha previsión, sendo o custe do servizo un importe máximo en función das necesidades reais de cada mes. Este importe tamén se dividiría en dúas anualidades: 308.163,87 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2022 (de maio a decembro) e 174.725,15 euros con cargo ao exercicio 2023 (de xaneiro a abril) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.0001 (Desinfeccións extraordinarias colexios Covid) dos exercicios 2022 e 2023.

En relación aos créditos para o exercicio 2022, faise constar que xa existen as seguintes operacións contables de retención de crédito para a tramitación da segunda prórroga do contrato: RC 202200006134 (que non contemplaba a cuarta revisión de prezos, aprobada o 24/02/2022) e RC 202200006135, que deberán completarse cos axustes que procedan.

11.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a segunda prórroga do contrato para os servizos de Limpeza dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expte. 3815/440) para o período comprendido entre o 01 de maio de 2022 e o 30 de abril de 2023, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer os importes de 2.860.322,39 e 482.889,02 euros, IVE Incluído nos dous casos, correspondentes a esta prórroga, a favor da empresa Mantelnor Limpiezas SLU, CIF B-15.857.220. A súa distribución anual será a seguinte:

- Para o exercicio orzamentario 2022 (de 01/05/22 a 31/12/22): 2.024.357,30 euros:
 - 1.716.193,43 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza Colexios".
 - 308.163,87 euros para desinfección colexios con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0001 "Desinfeccións extraordinarias colexios COVID".
- Para o exercicio orzamentario 2023 (de 01/01/23 a 30/04/23): 1.318.854,11 euros.
 - 1.144.128,96 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0000 "Limpeza Colexios".



Concello de Vigo

- 174.725,15 euros para desinfección colexios con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.0001 "Desinfeccións extraordinarias colexios COVID".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(246).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES DURANTE O EXERCICIO 2022. EXPTE. 11355/224.

Visto o informe xurídico do 31/03/2022 e o informe de fiscalización do 07/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica adscrita a Servizo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres realizadas desde o 30 de outubro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25.2 o) e o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. "k" e "o" da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

En relación á finalidade desta convocatoria, valórase a necesidade de regular o procedemento de subvencións que o Concello de Vigo ten contemplado no vixente orzamento, polo cal esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencións a entidades sen fin de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2022. Con tal motivo, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, propón a regulación do acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 91.000,00€ que será efectivo con cargo á partida específica: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2022; o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2022 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2022, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de



Concello de Vigo

Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 91.000,00€ (noventa e un mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS ESPECÍFICAS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A
CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A
REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO
ANO 2022. EXPTE. 11.355-224

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitan acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e a formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local establece no seu art. 25 que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O art. 25.2 o) establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas “ *Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero*”.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a

igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No seu artigo 21, imponlles ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade ni exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto de Administracións Públicas.

O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Sinala no seu artigo 5, como criterio xeral de actuación no ámbito da transversalidade das políticas públicas, o fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, o que se fomentará especialmente con relación as asociacións e grupos de mulleres.

O obxectivo específico 2.1 do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes , consiste en fortalecer o movemento asociativo feminino e a presenza, o liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas en xeral.

Entre as competencias que en materia de igualdade ten delegadas a Concellería de Igualdade atópase a de potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo destina a tal fin un crédito máximo de 91.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A concesión destas subvencións efectuarase conforme os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

BASES

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

l) Finalidade e período de realización:

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro e que se realizen desde o 30 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022 (ambos incluídos) e que atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Atender as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Empoderamento e Liderado, Emprego e Formación, Violencia de Xénero, Atención á Diversidade e Promoción da Saúde e o Benestar.

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou



Concello de Vigo

establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades dirixidas a facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres: de carácter formativo, ou de carácter cultural, artístico ou de ocio.

9- Concienciar e formar a homes e mulleres a través da impartición de módulos formativos sobre xénero e Igualdade de Oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

II. Ámbito

O ámbito territorial da actividade desenvolvida polas entidades será termo municipal de Vigo.

III. Destinatarias das accións

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias últimas deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades poderán incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado I.3 desta Base, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.
- Gastos de persoal: como norma xeral, non se aceptará ningún gasto correspondente a retribucións de persoal propio da entidade, agás que se cumpra cos seguintes criterios:
 - Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade, contratado con anterioridade á realización do proxecto. Xustificarse mediante nóminas e TC da Seguridade Social.
 - Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, só no caso de que ese persoal sexa encargado da coordinación, sempre e cando se xustifique a súa necesidade, e co seguinte límite: só se poderá imputar a unha única persoa con esa función, e como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto. Xustificarse mediante nóminas.
- Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade (agás gastos de alugamento de local social), mantemento das aplicacións web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral contable e financeiro, etc., co seguinte límite: sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade, e eses gastos non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións municipais.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de persoal propio da entidade (agás os gastos de coordinación co límite establecido). Só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do proxecto subvencionado.
- Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a Concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.



Concello de Vigo

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade sen superar a contía da axuda máxima establecida en 3.000 € por entidade beneficiaria, tal e como se establece no apartado 2 da Base oitava.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 91.000,00 euros (noventa e un mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2022: 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.

d) Proxectos que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

e) Proxectos que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.

f) Proxectos que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero, e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.

g) Proxectos que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

h) Proxectos de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.

i) Proxectos que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.

k) Proxectos que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

l) Proxectos que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.

m) Proxectos que teñan previsto a súa realización fora do termo municipal de Vigo.

n) Proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, conforme co establecido no artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Consonte co parágrafo cuarto do artigo 24 do citado Regulamento, para aquelas subvencións nas que o importe non supere a contía de 3.000 €, esta circunstancia poderá acreditarse simplificadaamente mediante unha declaración responsable. Este é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 2 da Base Oitava desta.

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1.- Levar a cabo a súa actividade na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, responsabilidade civil, dereitos de autoría, etc...) e



Concello de Vigo

demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso. Deixar constancia do financiamento municipal en calquera actividade coa inclusión da imaxe corporativa oficial.

2.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para o desenvolvemento dos seus proxectos, a organización, difusión e execución das súas actividades.

4.- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

5.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7.- Asumir todas as responsabilidades que poidan derivarse da organización e realización dos programas e actividades que realicen.

8.- Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento de todas as actividades que realicen, así como cumprir os requisitos e demais condicións que a lexislación vixente estableza.

9.- Cumprir coa normativa sanitaria adaptando a organización das actividades ás normas e instrucións que vaian ditando as autoridades sanitarias en cada momento, en relación a prevención sanitaria fronte á Covid-19.

10.- Aboar as taxas, impostos, seguros, dereitos de autoría e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención.

11.- A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellería de Igualdade estudará cal será a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

12.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as dispoñibilidades orzamentarias da Concellería de Igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 60 puntos. Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) desta base non se considerarán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indicaría unha mala definición e calidade do proxecto.

1.- Calidade técnica, coherencia e viabilidade do proxecto. Ata un máximo de 16 puntos (a razón de valorar cun máximo de 4 puntos cada un dos catro seguintes subapartados):

- a) Adecuación e eficacia das actividades do proxecto para acadar a/s súa/s finalidade/s, de entre as recollidas na cláusula Primeira l) destas bases.
- b) A capacidade da entidade de mobilizar á poboación destinataria da acción.
- c) O deseño dos contidos, a metodoloxía, protocolos de traballo, coherencia interna e viabilidade técnica e financeira do proxecto.
- d) Grao en que o sistema de avaliación proposto permitirá efectivamente realizar un seguimento e avaliación axeitados.

2.- Incorporación do enfoque de xénero na implementación do proxecto. Ata un máximo de 15 puntos (a razón de valorar con 3 puntos cada un dos cinco seguintes subapartados):

- a) Que o fomento da igualdade entre mulleres e homes e a perspectiva de xénero constituía o obxecto do propio proxecto. Que a totalidade das actividades propostas no proxecto teñan a finalidade directa de sensibilizar, previr e eliminar as discriminacións de xénero, e os seus contidos estean directamente relacionados con esa finalidade.
- b) Que o proxecto incorpore a impartición de contidos formativos transversais de igualdade (xornadas, cursos, obradoiros ou similares) no desenvolvemento da acción principal impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada en Xénero e Igualdade de Oportunidades (IO).
- c) Que quede acreditado que o equipo de traballo presentado para o desenvolvemento do proxecto con accións non formativas (xa valoradas no apartado b deste criterio) ten formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades (IO).
- d) Que o proxecto estea dirixido a mulleres nas que conflúan múltiples discriminacións: vítimas de violencia de xénero, colectivo LGTBQI, mulleres soas con cargas familiares, mulleres prostituídas, mulleres coidadoras, con discapacidade... ou que o proxecto teña por finalidade dar visibilidade e información con perspectiva de xénero sobre estes colectivos.
- e) Que o proxecto teña a finalidade de promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

3.- Impacto, sostenibilidade, e innovación. Ata un máximo de 10 puntos (a razón de valorar cun máximo de 2,5 puntos cada un dos catro seguintes apartados: a), b), c), d):

- a) Que o proxecto recolla contidos únicos, específicos e diferenciadores non implementados por outro proxecto no contorno, converténdose así para o público destinatario en referente en toda a comunidade autónoma ou cando menos na área sur de Galicia.
- b) Que a acción proposta supoña a continuidade dun proxecto anterior, que polas súas características diferenciadoras, contido e colectivo destinatario, fora avaliado positivamente pola Concellería de Igualdade, o que lle outorga un valor engadido ao proxecto.
- c) Grao no que se propón resolver o problema abordado desde formulacións e instrumentos novos no seu ámbito.
- d) Colaboración, coordinación e concertación do proxecto presentado con outras entidades sen ánimo de lucro. Esta colaboración acreditarase documentalmente e os puntos distribuiranse do seguinte xeito, tendo en conta que a máxima puntuación que se pode acadar neste apartado son 2,5 puntos (o apartado d.1 e d.2 son excluíntes):
 - d.1) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto se atopan asociacións de mulleres ou secretarías da muller da



Concello de Vigo

cidade, obterase a máxima puntuación do apartado d). Máximo de 2,5 puntos.

d.2) Se entre as entidades coas que se colabora no desenvolvemento do proxecto son entidades sen ánimo de lucro que non son asociación de mulleres ou secretarías da muller da cidade, obterase a metade da puntuación do apartado d). Máximo de 1, 25 puntos.

4.- Por recoller o proxecto algún dos seguintes obxectivos e accións. Ata un máximo de 10 puntos.

Outorgarase un punto por cada obxectivo de entre os seguintes que recolla o proxecto presentado, ata un máximo de 10.

A) ÁREA DE EDUCACIÓN EN IGUALDADE:

1. Impulsar e fomentar a educación en igualdade, mediante accións de sensibilización en materia de xénero e igualdade, que promovan a eliminación dos estereotipos e o cambio nos modelos de socialización.
2. Visibilizar as achegas realizadas polas mulleres ao longo da historia aos distintos campos da cultura, a arte, a historia, a ciencia a tecnoloxía, etc.
3. Elaborar estudos, investigacións, informes, sobre a situación social e/ou económica das mulleres en distintos ámbitos.
4. Formar e sensibilizar a mulleres e homes en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a través de cursos, obradoiros e actividades formativas grupais en materia de igualdade de xénero.
5. Contribuír á diminución da brecha dixital de xénero, a través de accións que promovan a adquisición por parte das mulleres de competencias dixitais básicas e avanzadas.

B) ÁREA DE CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE:

1. Facilitar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal da cidadanía viguesa
2. Fomento dun reparto equilibrado dos usos do tempo e a corresponsabilidade entre mulleres e homes na asunción dos traballos de coidados e tarefas domésticas.
3. Posta en valor dos traballos de coidados ante a sociedade, como parte fundamental para o sostemento da economía.

C) ÁREA DE LIDERADO E EMPODERAMENTO:

1. Fomentar a participación das mulleres nos procesos de toma de decisións, mediante a promoción das condicións e espazos que a faciliten, ou mediante a dotación de ferramentas e habilidades comunicativas, reflexivas e de liderado.

D) ÁREA DE EMPREGO E FORMACIÓN

1. Mellorar as oportunidades das mulleres para o acceso, mantemento e promoción no mercado de traballo.
2. Favorecer a diminución da segregación horizontal do mercado de traballo, potenciando a diversificación das opcións profesionais das mulleres
3. Difundir, concienciar e informar ás mulleres traballadoras e ás empresas sobre os dereitos relacionados coas súas condicións de traballo, así como normativa en materia de igualdade.
4. Visibilizar as discriminacións existentes no mercado laboral para contribuír á súa eliminación.

E) ÁREA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO:

1. Promover accións de prevención da violencia de xénero, mellorando a súa detección temperá, promovendo unha educación e unha socialización libre de violencia de xénero.

2. Mellorar a atención e asistencia ás vítimas de violencia de xénero, mediante a creación e potenciación de recursos existentes e mellora da coordinación institucional.
3. Proporcionar ferramentas que doten de maior benestar e independencia económica ás mulleres vítimas das diversas formas da violencia de xénero.
4. Sensibilizar á poboación na repulsa á violencia de xénero, visibilizando as distintas formas de violencia que se exerce sobre as mulleres.

F) ÁREA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

1. Favorecer a visibilización e promoción social das mulleres nas que conflúen distintas discriminacións.
2. Contribuír á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.
3. Potenciar accións que contribúan á mellora da calidade de vida das persoas e apoio a colectivos de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais, e intersexuais (LGTBI).
4. Divulgar a través de estudos, investigacións e traballos técnicos que profunden na realidade que afecta ás persoas LGTBI.

G) ÁREA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE E O BENESTAR:

1. Fomentar a promoción da saúde das mulleres a través da concienciación cidadá.
2. Promover e desenvolver actividades que contribúan á mellora da calidade de vida e ao benestar físico e psíquico das mulleres.
3. Fomentar a relación, participación e o tempo libre das mulleres.
4. Proporcionar pautas de autocoidado e/ou promover accións que favorezan o benestar físico e emocional dirixidos a mulleres coidadoras de persoas dependentes.

5.- Participación no Consello Municipal da Muller. Ata un máximo de 5 puntos.

Outorgarase ata un máximo de 5 puntos a aquelas entidades que á data 1/01/2022 formen parte do Consello Municipal da Muller de Vigo, órgano representativo, consultivo e de participación.

- a) Con menos de 4 anos de participación: 1 punto
- b) Con 4 anos e menos de 8 anos de participación: 2 puntos
- c) Con 8 anos e menos de 12 anos de participación: 3 puntos
- d) Con 12 anos e menos de 16 anos de participación: 4 puntos
- e) Con 16 ou máis anos de participación: 5 puntos

6.- O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º I) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 4 puntos.

Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achega declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

1. O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.



Concello de Vigo

2. Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria. Por conseguinte, trala baremación das solicitudes, as entidades que consigan unha axuda superior a 3.000 € quedarán limitadas a esta contía. En caso de quedar crédito libre, repartirase entre as solicitantes, de forma proporcional aos puntos acadados, tendo en conta o límite da contía máxima da axuda.

NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrência competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

No marco desta convocatoria só se poderá presentar un programa que reúna os requisitos estipulados na base primeira desta convocatoria. Para isto, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade petionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/>

A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases da convocatoria.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org).

No caso de que se achegue a solicitude presencialmente, requirirase a súa emenda mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a emenda.

Todas as solicitudes, así como as posibles emendas telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia electrónica, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se a documentación complementaria se achegase presencialmente, será requirida para emendala a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación da solicitude de subvención deberá achegarse a seguinte documentación:

- 1.- ANEXO I: Solicitude asinada pola/o representante da entidade.
- 2.- ANEXO II: Proxecto de actividades a favor das mulleres para o que se solicita a subvención, asinado pola persoa responsable do programa de Muller na entidade, en caso de existir, e da ou do presidente da entidade. Poderase ampliar o proxecto en documento aparte sempre e cando estean completos os datos solicitados no anexo II.
- 3.- ANEXO III. Informe desagregado de ingresos e gastos da actividade.

O importe do orzamento que se reflicta neste Anexo terase en conta na fase de xustificación, procedendo a minorarse o importe da axuda concedida no caso de que o gasto xustificado sexa inferior ao 100% do importe indicado neste Anexo III. A axuda concedida sería entón minorada na mesma proporción.

4.- ANEXO IV: Declaración asinada pola secretaría da entidade acerca de:

- Declaración na que conste quen ten a condición de representante legal da mesma (apartado 1).
- Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas para a mesma finalidade (apartado 3).
- Declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (apartado 4).
- Declaración responsable na que se faga constar que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo (apartado 5).

5.- Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2021, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

6.- Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

7.- Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

8.- Documentación opcional, necesaria para valorar as solicitudes conforme os criterios de valoración establecidos:

- Curriculum do persoal que impartirá as actividades. No caso de xornadas, charlas ou cursos de formación, a achega dos curriculums das persoas relatoras será obrigatoria.



Concello de Vigo

- Declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto de subvención.
- Acreditación da colaboración no desenvolvemento do proxecto con outras entidades sen ánimo de lucro.

Porén, a solicitante poderá acollerse ao establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que as persoas interesadas non estarán obrigadas a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración. A Administración municipal, salvo oposición expresa da persoa interesada, consultará e obterá electronicamente a través das súas redes corporativas ou consulta mediante a Plataforma de Indeterminación de Datos os documentos que deban integrar o procedemento, que xa se atopen no seu poder ou que foran elaborados por calquera outra Administración.

En relación co dereito a non presentar documentos que obren en poder da administración convocante, debe facerse constar a data e órgano ou dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer.

A Concellería de Igualdade pode requirir canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como complementar a información facilitada pola entidade para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- EMENDA DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 68 da LPACAP, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, desde o día seguinte á data da notificación, coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas:

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei xeral de subvencións, conforme o establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno publicaranse en:

- As Bases reguladoras, no BOP da provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

- A Convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A BDNS publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, publicaranse na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org e da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org

2.-Publicidade das subvencións concedidas:

As subvencións concedidas remitiranse ao portal de transparencia do concello e á BDNS para a súa publicación con indicación da convocatoria, programa, e crédito presupostario ao que se imputan, beneficiarias, cantidades concedidas e finalidade da subvencións con expresión dos distintos proxectos subvencionados.

3.-Publicidade do financiamento público:

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora Concellería de Igualdade-Concello de Vigo”, coa inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo que se pode descargar da paxina web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

Todos os trámites administrativos que se deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (Artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello de Vigo, e a



Concello de Vigo

súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva, poderá substituírse a dita notificación pola publicación na páxina web (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, conforme ao art. 45.1.b) da Lei 39/2015 da LPACAP.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima ás interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPACAP.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse potestativamente, recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.

En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte ao da notificación, publicación, ou de desestimación do recurso de reposición.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días, a contar a partir do día seguinte ao da notificación, a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización da actividade.
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indicárase aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade beneficiaria.

A beneficiaria poderá renunciar expresamente á subvención concedida, que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o procedemento correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPACAP.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS

1.-Prazo de xustificación: as beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o **2 de novembro de 2022** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederáse a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para a súa emenda ou entrega. Transcorrido o prazo sen atender ao requirimento e trala resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015 PAC, teranse por desistidas da súa petición.

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá á entidade beneficiaria para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á beneficiaria das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

De non presentar a xustificación no prazo adicional perderase o dereito a percibir a subvención.

2.- CANTIDADE A XUSTIFICAR: a entidade beneficiaria terá que presentar facturas electrónicas ou copias dixitalizadas das facturas orixinais equivalentes ao importe concedido, e copias de facturas polo resto do orzamento do proxecto presentado. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto non subvencionado pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

3.- SISTEMA DE XUSTIFICACIÓN: a teor do disposto no art. 81 do regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007), do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a emenda.

A entidade beneficiaria deberá achegar electronicamente a rendición da conta xustificativa que comprende a seguinte documentación:

a) Anexo V: certificación e solicitude de pago, asinado pola/o secretaria/o e coa conformidade da persoa que ostenta a representación da entidade:

Coa sinatura deste modelo acréditase entre outros os seguintes extremos:

- Que a documentación dixitalizada que se achega para a xustificación da subvención é fiel reprodución da documentación orixinal e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos recibidos.
- Que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade, indicando o seu custo total. Cando o gasto xustificable que se indique neste anexo sexa inferior ao 100 %



Concello de Vigo

do importe do orzamento do proxecto que presentou a entidade na súa solicitude de subvención (Anexo III), procederase a minorar a axuda concedida na mesma proporción.

- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a renda das persoas físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.

b) Anexo VI: Xustificación do gasto do proxecto correspondente ao importe da axuda concedida, asinado electronicamente pola/o representante da entidade:

Consiste nunha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o 100% do importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión.

c) Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electronicamente polo/a representante da entidade:

Deberán estar ordenadas e numeradas seguindo a orde da clasificación do Anexo VI polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán estar asinadas electronicamente polo/a representante da entidade, e deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.
- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

d) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola responsable da vogalía da muller da entidade ou, de non existir, persoa responsable da entidade, e na que figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación dos programas, proxectos ou gastos subvencionados.
- Breve resumo dos proxectos realizados.
- Datas e lugares de realización.
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada acción.
- Recursos humanos.
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos.
- Materiais de difusión empregados.
- Nos cursos e xornadas de formación, así como en actividades de ocio e tempo libre engadírase ao anterior, o programa formativo, nº de horas e identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seu nome, apelidos e número de teléfono.

- Dous exemplares do material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.
- No caso de xustificar a axuda concedida con facturas de gastos para materiais, este deberá incorporar o logo do Concello de Vigo. Nese caso achegarase unha mostra do dito material para a súa comprobación pola Concellería de Igualdade.

e) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente coa presentación do documento emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral, os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa co proxecto subvencionado, e imputados ao período comprendido entre o 30 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022. Non terá por que constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Deberase ter en conta o establecido na base segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCÍONS

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO



Concello de Vigo

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de Igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento



Concello de Vigo

do Concello de Vigo para o ano 2022, Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2021-2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2022 Expte. 11.355-224

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover a concesión de subvencións entre as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 25.2 o) e o artigo 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2 "k" e "o" da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e á Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas subvencións é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro e que se realizasen desde o 30 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022 (ambos incluídos) e que atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

- 1.- Atender as demandas e necesidades das mulleres en función das seguintes áreas de prioridade establecidas pola Concellería de Igualdade: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Empoderamento e Liderado, Emprego e Formación, Violencia de Xénero, Atención á Diversidade e Promoción da Saúde e o Benestar.
- 2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.
- 3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.
- 4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.
- 5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas.

Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a poñer en valor e visibilizar a contribución das mulleres á sociedade ao longo da historia.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades dirixidas a facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres: de carácter formativo, ou de carácter cultural, artístico ou de ocio.

9- Concienciar e formar a homes e mulleres a través da impartición de módulos formativos sobre xénero e Igualdade de Oportunidades (IO) impartidos por profesionais especializadas con formación acreditada neste eido.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Tendo en conta o establecido no parágrafo anterior, terán consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos derivados da organización e desenvolvemento da actividade obxecto da axuda, contratados con empresas externas á propia entidade, o que se xustificará mediante facturas. Por exemplo: contratación de monitorado, elaboración de materiais, folletos, etc.
- Gastos de persoal: como norma xeral, non se aceptará ningún gasto correspondente a retribucións de persoal propio da entidade, agás que se cumpra cos seguintes criterios:
 - Gastos de persoal contratado especificamente para o desenvolvemento da actividade (monitorado, persoal docente en caso de cursos ou xornadas, profesionais encargadas/os da execución directa, persoal encargado da coordinación, etc.). Neste caso, será subvencionable o 100% das retribucións salariais, incluídas as pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo da entidade. Deberá quedar acreditado que ese persoal foi contratado de forma específica para a realización desa actividade en concreto, e que non se trata de persoal propio da entidade, contratado con anterioridade á realización do proxecto. Xustificarse mediante nóminas e TC da Seguridade Social.
 - Gastos do persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, só no caso de que ese persoal sexa encargado da coordinación, sempre e cando se xustifique a súa necesidade, e co seguinte límite: só se poderá imputar a unha única persoa con esa función, e como máximo o 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto. Xustificarse mediante nóminas.
- Gastos indirectos, de funcionamento e/ou mantemento da asociación: luz, teléfono, alugamento de instalacións ou espazos estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade (agás gastos de alugamento de local social), mantemento das aplicacións



Concello de Vigo

web e/ou presenza dixital, asesoramento fiscal, laboral contable e financeiro, etc., co seguinte límite: sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos, correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade, e eses gastos non foran subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións municipais.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos de persoal propio da entidade (agás os gastos de coordinación co límite establecido). Só será subvencionable o persoal que se contrate de maneira específica para a realización do proxecto subvencionado.
- Os relativos a gastos de desprazamento fóra do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- Os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a Concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 15.000,00 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade sen superar a contía da axuda máxima establecida en 3.000 € por entidade beneficiaria, tal e como se establece no apartado 2 da Base oitava.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será de 91.000,00 euros (noventa e un mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2022: 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.

f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 10 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

2. Quedan excluídas expresamente desta convocatoria as seguintes solicitudes:

- a) As solicitudes presentadas por clubs ou entidades deportivas.
- b) As solicitudes presentadas por asociacións de pais e nais do alumnado (ANPAS).
- c) As solicitudes que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- d) Proxectos que, para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- e) Proxectos que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- f) Proxectos que se realicen nos centros de ensino onde se estean a desenvolver programas municipais de igualdade e prevención da violencia de xénero, e que, a xuízo da Comisión de Avaliación, a súa execución en horario lectivo duplique os contidos e/ou afecte á boa marcha dos programas municipais.
- g) Proxectos que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- h) Proxectos de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- i) Proxectos que inclúan actividades docentes previstas nos plans de ensino vixentes.
- k) Proxectos que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- l) Proxectos que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.
- m) Proxectos que teñan previsto a súa realización fora do termo municipal de Vigo.
- n) Proxectos que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) da base sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.- As solicitantes deberán atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social, conforme co establecido no artigo 22 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións. Consonte co parágrafo cuarto do artigo 24 do citado Regulamento, para aquelas subvencións nas que o importe non supere a contía de 3.000 €, esta circunstancia poderá acreditarse simplificadaamente mediante unha declaración responsable. Este é o caso desta convocatoria, tal e como se establece no apartado 2 da Base Oitava desta.



Concello de Vigo

5.- Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org>.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, segundo o disposto na base décimo primeira, será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, e por dúas técnicas adscritas ao Servizo de Igualdade, actuando ademais, unha delas, como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes na sede electrónica do Concello de Vigo, e a súa resolución notificaráselles ás solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o **2 de novembro de 2022** (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO
PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A
REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO
ANO 2022. Expte. 11.355-224

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>):”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas subvencións é contribuir a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e actividades encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción das mulleres en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro e que se realizasen desde o 30 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022 (ambos incluídos).

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

Establécese a contía de 3.000 € como contía máxima da axuda a conceder por entidade beneficiaria.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade, sen superar a contía da axuda máxima establecida en 3.000 € por entidade beneficiaria.



Concello de Vigo

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 91.000,00 euros (noventa e un mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2022: 2311 4890000 "Promoción da igualdade e do deporte feminino" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- BENEFICIARIAS

Entidades xurídicas sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC), establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o 2 de novembro de 2022 (incluído) o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

11(247).- CESIÓN EN USO DUN LOCAL NO COMPLEXO DO AUDITORIO DO PAZO DE CONGRESOS MAR DE VIGO, NA AVENIDA DE BEIRAMAR Nº57, Á FUNDACIÓN DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB). EXPTE. 20917/240.

Visto o informe de fiscalización do 05/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/02/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Normativa de aplicación.

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril , reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).
- LALG (Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia).
- TRRL (R.D.L. 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de réxime local).
- RBEL (R.D.1372/1986, de 13 xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais).

Antecedentes:

Primeiro.- Pola FUNDACION DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB), solicitouse o 2/02/2022, a cesión de uso do local de dúas alturas sito no Palacio de Congresos e anexo ao Hotel Eurostars Mar de Vigo, para seu destino como sede da Fundación.

Segundo.- A Concellería Delegada de Patrimonio ditou orde de servizo o 17.02.2022 para o inicio dos tramites administrativos de otorgamento da autorización interesada.

Terceiro.- Na tramitación do expediente emitíronse os seguintes informes:

A)Pola Concellería delegada de Turismo e Xuventude, en data 10.02.2022, referente ó interese público municipal en ceder o local para sede da Fundación de Vigo Convention Bureau, no que sinala:

(...) Así mesmo, en materia de turismo debemos destacar a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB), constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, ao abeiro da Lei 12/2006 de 1 de decembro, de fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego e que segundo o Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas consta como Fundación da Administración Pública (Concello de Vigo). A FVCB ten como obxecto o desenvolvemento da economía social de Galicia mediante a potenciación e o desenvolvemento das infraestruturas turísticas e os servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, e captación de congresos e viaxes de incentivos para a cidade de Vigo e dentro das súas actividades fundacionais (artigo 5 dos Estatutos) a promoción e creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas coas actividades propias da Fundación e coordinar coas autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.



Concello de Vigo

Para o cumprimento do seu obxecto fundacional , a FVCB (Artigo 5 Estatutos FVCB) levará a cabo, entre outras as seguintes actividades:

- Captar congresos, mediante actuacións ante as institucións, entidades, grupos ou persoas que as convoquen
- Captar convencións e viaxes de incentivo de grandes empresas, mediante promocións específicas en diferentes cidades nacionais e internacionais e viaxes de familiarización a Vigo de altos executivos con capacidade decisoria.
- Informar e axudar na seleccións de infraestruturas e servizos especializados para a organización de todo tipo de eventos, reunións, conferencias, congresos, etc
- Aglutinar ás empresas, institucións, organismos, que presten servizos para a organización de congresos, reunións, conferencias, simposios, etc.
- Crear e consolidar unha conciencia pública, tanto oficial como privada, en relación coa transcendencia económica do turismo e especialmente do turismo de congresos e reunións.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo como sede de congresos e reunións, así como a todos os membros do Padroado, podendo celebrar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado.
- Prestar asesoramento para a organización de congresos ou reunións en Vigo, xestionando os contactos coas empresas profesionais necesarias.

De acordo co réxime de funcionamento do auditorio Pazo de Congresos " Mar de Vigo" (Expte 3716/241) o Auditorio-Pazo de Congresos " Mar de Vigo" foi proxectado como un espazo artístico e cultural referente para a cidade de Vigo. Así mesmo as características do Auditorio-Pazo de congresos segundo o proxecto de regulamento de servizos do Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" recolle no seu artigo 2 "O Auditorio-Pazo de Congresos "Mar de Vigo" é un ben inmueble municipal que ten como finalidade o desenvolvemento de espectáculos públicos, actividades sociculturais, reunións e congresos...". No artigo 3 se establece "Serán tarefas entre outras, do Auditorio-Pazo de Congresos: a difusión, promoción e divulgación de calquera aspecto relacionado coa cultura; a promoción de celebración de congresos, convencións, exposicións, etc..."

En base ao exposto, se considera necesario a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo subsector do turismo de reunións e captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo por parte da FVCB. Por iso se plantexa a adecuación do local sito na rúa Beiramar 57, (anexo ó hotel-auditorio) como nova sede da FVCB, en base a necesidade de levar a cabo unha mellor xestión dos obxectivos da FVCB, en favor do interese público municipal.

B)A Arquitecta Técnica de Patrimonio, informa en data 3.03.2022, que:

En resposta á dilixencia do XEFE DO SERVIZO DE PATRIMONIO, CONCELLO DE VIGO sobre o local de dous alturas sito no Palacio de Congresos e anexo ao Hotel Eurostars Mar de Vigo, maniféstase o seguinte:

1. IDENTIFICACIÓN DO LOCAL, CARACTERÍSTICAS, ESTADO ACTUAL:

Local ubicado na planta baixa do Módulo do Hotel Eurostars do Complexo do Auditorio do Pazo de Congresos Mar de Vigo, na Avenida de Beiramar N°57 - Centro - Vigo.

Ten acceso dende a Rúa Juan Ramón Jimenez, facendo esquina coa Rúa Jacinto Benavente.

Distribúese en dúas plantas, baixa en cota 0,00 con superficie 90,46 m², e alta en cota +4,50 de superficie 90,46 m².

Segundo os datos que figuran na oficina do inventario municipal, CONSTA COMO PROPIEDAD DE TITULARIDADE MUNICIPAL, no Edificio 2 do ben rexistrado co N° 4959 (provisional), no Epígrafe I, Bens Inmóbeis, nos traballos de revisión e actualización do Inventario Municipal, pendente de aprobación.

Na data de redacción do presente informe, o local presenta (segundo a información gráfica adxunta):

- A) Distribución en planta baixa con dous aseos, planta alta diáfana.
- B) Instalación de electricidade, fontanería e saneamento, extintores.
- C) Acabados a base de pavimento de tarima de madeira, carpintería exterior e interior, pintura en paredes, aseos equipados (encimera, lavabo e inodoro), falsos teitos desmontables, luminarias e alumado de emerxencia.

Considérase que o local dispón de un estado óptimo e adecuado para o seu uso.

2. VALORACIÓN E CANON:

A efectos valorativos, tomaremos en consideración, que é un local con frente a dous viais públicos, con boa relación fachada fondo, e facendo unha visualización a través de paxinas web, de venda de locais comerciais, obtemos un espectro entre 700 €/m² ata os 1.000 €/m² para locais ubicados en zonas de similar índice comercial, así como tamén a superficie total, en tanto que sobre superficies de aprox. 150 m² en unha soa planta, o valor a estimar é alto con respecto ó medio sobre a que estamos dimensionando (de dúas plantas) e a súa vez, veríase incrementada a valoración si os mencionados locais dispoñen de acabados interiores ou non.

Polo tanto tendo en conta os posibles índices de actuación sobre o local que nos ocupa, estimaría que a valoración que nos ocupa, entendemos que sería un valor de alto índice de relación de fachada superficie, un índice baixo en canto a características métricas do local, en canto a ubicación na zona enténdese como un valor medio.

Polo que tendo en conta estes caracteres estimaríamos un posible valor:

$$V. \text{ medio} = (A-B) \times Cff \times Cu \times Cst. \times Cis$$

Tomando los seguintes valores.

| | |
|--|-------------------------|
| A.- Menor valor de mercado na zona. | V=730 €/ m ² |
| B.- Mayor valor de mercado na zona. | V= 956 €/m ² |
| Cff .- Coeficiente relación fachada/fondo | 1,08 |
| Cu.- Coeficiente ubicación zonas comerciais. | 0,98 |
| Cst.- Coeficiente de superficie e alterabilidade | 0,94 |
| Cis.- Coeficiente de maior superficie de aproveitamento. | 0,96 |

Tomando os valores de mercado existente e de acordo ó calculo proposto, o local informado estímase, segundo o mercado actual en planta baixa de 805,15 €/m² é en planta alta de 575,11 €/m² , o que determina un valor total do local de 124.858,06 euros.

Con respecto á estimación do canon correspondente, segundo o disposto no Artigo 64 da "Ley 25/1998, de 13 de julio, de modificación del réxime legal



Concello de Vigo

de las Tasas estalales y locales y de reordenación de las prestaciones patrimoniales de carácter público”, o canon ou tipo de gravame que lle corresponde o ben de dominio público é de un 5% sobre o valor do ben. Polo que en este caso se pode aplicar un canon de 6.242,90 €uros/ano.

3. INFORMACIÓN URBANÍSTICA:

O edificio no seu conxunto atopase ubicado segundo o PXOU/93 vixente, dentro do deslinde marítimo terrestre, e polo tanto fora do espacio regulado baixo o PXOU/93.

Sendo titular da parcela, ata o ano 2005, “Puertos del Estado”, dependente do “Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana de España”.

Con respecto á normativa urbanística actual o I.O.P. aprobado en data 24/07/2018 califica o suelo como URBANO CONSOLIDADO, Sistema Xeral, “Equipamentos e Dotacións”. Prevendo os usos de:

- Educación.
- Sociocultural .
- Asistencial
- Sanitario.
- Servicio público.
- Administración pública.
- Relixioso.
- Deportivo

Con respecto do novo planeamento (Aprobado inicialmente Pleno Ayuntamiento de Vigo 26.08.2021) propónse tamén como suelo URBANO CONSOLIDADO, correspondendo clase de sistema xeral, tipo equipamento, dotación SOCIO CULTURAL.

Autorizándose os usos de:

- Terciario: Oficinas, recreativos
- Industrial: Productivo e almacenaxe
- Garaxe - aparcamento

A Vigo Convention Bureau (VCB) é una Fundación que ten como obxectivo serar un punto de encontro entre profesionais do sector turístico na cidade de Vigo ye a administración local, considerando que o seu desempeño é compatible cos usos permitidos no planeamento en vigor e en fasde de aprobación.

4. CONDICIÓN TÉCNICAS:

Trala correspondente inspección técnica, apréciase que o inmovible non dispón dos seguintes equipamentos e/ou instalacións:

- A) Climatización.
- B) Ventilación natural nin mecánica.
- C) Aseo adaptado.
- D) Acceso planta 1ª persoas movildade reducida.

Previamente á execución de calqueira traballo co fin de implementar estas ou novas instalacións e equipamentos, será preceptivo informe favorable da Concellería de Patrimonio.



Achega no informe plano de planta do local municipal.

C) Finalmente o 7.03.2022 informouse pola Concellería delegada de Turismo e Xuventude sobre a procedencia ou non, á suxeición da autorización administrativa ó aboamento de taxa pola utilización privativa do local, por parte da interesada, sinalando que (...) *a organización solicitante, Vigo Convention Bureau, se constitúe unha organización de natureza fundacional de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, se entende que a concesión para uso do inmovible de natureza demanial obxeto de cesión, poderá ser unha concesión gratuíta, sen prexuízo do cumprimento da normativa de aplicación.*

Cuarto.- A Fundación Vigo Convention Bureau presenta o 17/03/2022, unha declaración responsable conforme non se atopa incursa en



Concello de Vigo

ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, dacordo co requerido no art. 94 da L.33/2003 de Patrimonio das AAPP.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O Concello de Vigo é titular do Complexo Auditorio do Pazo de Congressos Mar de Vigo, sito na Avenida de Beiramar Nº57-59, que consta nos traballos de revisión e actualización do Inventario Municipal, pendente de aprobación, no Epígrafe I, Bens Inmóbeis, co Nº 4959 (provisional), e natureza xurídica de dominio publico. Dito complexo está conformado por diversos elementos constructivos, do que forma parte o edificio 2 (hotel e usos comerciais) no que sitúase o local obxecto de solicitude, coas seguintes características, segundo resulta do informe da arquitecta técnica de Patrimonio: *Local ubicado na planta baixa do Módulo do Hotel Eurostars do Complexo do Auditorio do Pazo de Congressos Mar de Vigo, na Avenida de Beiramar Nº57 - Centro - Vigo. Ten acceso dende a Rúa Juan Ramón Jiménez, facendo esquina coa Rúa Jacinto Benavente. Distribúese en dúas plantas, baixa en cota 0,00 con superficie 90,46 m2, e alta en cota +4,50 de superficie 90,46 m2.*

O local atópase na actualidade sen actividade, non adicándose a usos ou servizos municipais.

Segundo.- A natureza demanial co que figura o local municipal obxecto de cesión, aínda que non responda na actualidade a unha adscripción ou afectación determinada a prestación dun servizo público municipal, esixe en atención a dita calificación, a suxeción aos principios e réximen xurídico de aplicación aos bens de dominio público (art. 5 e 6 LPAP), debendose naqueles casos nos que se prevea, na execución dun proxecto ou plan municipal, o acceso ou utilización privativa ou especial por terceiros que exclúan ou limiten o xeral que correspondelle a ditos bens pola súa natureza xurídica, atender o réximen xurídico previsto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións públicas, co outorgamento do título habilitante que no seu caso resulte procedente (art. 84 LPAAPP). Consecuentemente, no presente caso, a utilización pola entidade interesada, do local municipal, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

O outorgamento desa autorización demanial estará suxeito ás condicións xerais e particulares contempladas nesa normativa do patrimonio das AAPP e, entre outras, as establecidas no artigo 92.7 LPAP que regula: o réxime de uso do local; o económico a que queda suxeita a autorización; a garantía a prestar; a asunción dos gastos

de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe; o compromiso dá previa obtención de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben; a asunción da responsabilidade derivada da ocupación (formalización da oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía); a aceptación da revocación unilateral pola administración, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público; as facultades inspectoras do Concello sobre o ben obxecto de autorización; o prazo e réxime de prórroga; e as causas de extinción.

Terceiro.- No presente caso, cabe efectuar as seguintes consideracións tendo en conta as condicións que concurren para a cesión do local municipal solicitado:

I. A Fundación Vigo Convention Bureau (FVCB), foi constituída polo Concello de Vigo xunto con ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI mediante escritura pública de data 7/08/2009 co nº 1621 do protocolo notarial de D. Miguel Lucas Sanchez, como organización de natureza fundacional de interese xeral galego, con domicilio na Casa do Concello de Vigo, (artigos 1 e 3 dos seus Estatutos), figurando no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública (Concello de Vigo). Ten como fin o desenvolvemento da economía social de Galicia mediante a potenciación e o desenvolvemento das infraestruturas turísticas e os servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, e captación de congresos e viaxes de incentivos para a cidade de Vigo. (artigo 4 dos Estatutos)

A natureza fundacional de interese galego que ten a FVCB, como o feito de que o propio Concello de Vigo forme parte desta como entidade fundadora, participando nos seus órganos de goberno e xestión, e recaíndo a Presidencia do Padroado no Alcalde de Vigo e a Vicepresidencia no Concelleiro delegado de Turismo, posibilita a cesión do inmovible os fins solicitados e para o desenvolvemento das actividades propias da fundación.

II. Dacordo co disposto nos arts. 92.1 LPAP e 77.2 RBEL, as autorizacións outorgaranse directamente, por tempo determinado, sendo seu prazo máximo de duración de 4 anos, incluídas as prórrogas.

III.- O reximen económico que regula a ocupación do demanio, establece que as autorizacións/concesions poderán ser gratuítas, outorgarse con contraprestación ou con condicións, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público (.../). Non estarán suxeitas á taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve aparelhada unha utilidade económica para a persoa autoriza-



Concello de Vigo

da ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela. Nos casos previstos no parágrafo anterior, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da autorización (art.92.5 da LPAP).

Neste senso, interesado informe ó respecto á Concellería de Turismo, sinalouse por esta, a procedencia da concesión gratuíta, ó tratarse dunha organización de natureza fundacional de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, cuio patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da organización, rexíndose pola Lei 12/2006 do 1 de decembro de fundacións de interese galego.

IV. Segundo estimase polos servizos técnicos, o valor do local no mercado sería en planta baixa de 805,15 €/m² é en planta alta de 575,11 €/m², para un total de 124.858,06 euros. Atendendo a ese valor, deberá concertarse unha póliza de danos cun límite máximo de indemnización por dito importe.

V.- Dacordo co artigo 92.6 LPAP a Fundación deberá constituir unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, que foi estimado en 124.858,06 euros.

Cuarto.- Polo anteriormente exposto, tendo en consideración os fins para os que solicitase a cesión, como a natureza xurídica da solicitante, e as actividades que desenvolve; estimase que concurren circunstancias de interese público municipal que xustifican a posta a disposición, con carácter temporal e en precario, do local municipal como así resulta do informe xustificativo de dito interese emitido pola Concellería de Turismo ó sinalar que (...) *se considera necesario a potenciación e desenvolvemento das infraestructuras turísticas e servizos específicos no campo subsector do turismo de reunións e captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo por parte da FVCB. Por iso se plantexa a adecuación do local sito na rúa Beiramar 57, (anexo ó hotel-auditorio) como nova sede da FVCB, en base a necesidade de levar a cabo unha mellor xestión dos obxectivos da FVCB, en favor do interese público municipal.*

Quinto.- Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso privativo do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Declarar como non necesario ós servizos municipais do Concello, o local de titularidade municipal sito na planta baixa do Módulo do Hotel Eurostars do Complexo do Auditorio do Pazo de Congressos Mar de Vigo, na Avenida de Beiramar Nº57, con acceso dende a Rúa Juan Ramón Jiménez, e reflexado no plano obrante no informe da Arquitecta Técnica de Patrimonio de data 3.03.2022.

Segundo.- Autorizar á FUNDACION DE VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB) o uso temporal do local municipal como sede da entidade.

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do local de dúas plantas sito na planta baixa do Módulo do Hotel Eurostars do Complexo do Auditorio do Pazo de Congressos Mar de Vigo, na Avenida de Beiramar Nº57, sen que en ningún caso supoña cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre dito inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

A Fundación cesionaria non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa do dominio público, en tanto a utilización privativa non leva aparellada unha utilidade económica para a Fundación.

3º.- O prazo da autorización fíxase en tres anos, prorrogable por un ano mais, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude polo usuario feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.

O inicio do cómputo de prazo será dende ó día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da autorización.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- A autorizada estará obrigada ó pagamento dos gastos gravames ou tributos de calquera clase que se poideran derivar con motivo do outorgamento da autorización.

En previsión do artigo 92.6 LPAP, a Fundación deberá constituir unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de outorgamento da autorización demanial.

6º.- Serán deberes da FUNDACION DE VIGO CONVENTION BUREAU:



Concello de Vigo

a) Manter ao seu cargo, en bo estado de conservación e limpeza, o local, así como as súas instalacións e servizos, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto.

b) As obras de reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da Fundación, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.

c) Permiti-lo acceso ás dependencias e instalacións do local á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.

d) Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse a terceiros ou ao propio local durante todo o prazo da autorización, debendo suscribir:

- Unha póliza de Responsabilidade civil cun límite xeral de 1.000.000 €, que contemple na descripción do risco a actividade que se vai a desenvolver no local, e que comprenda unha garantía de RC locativa para cubrir ó inmovible que sexan consecuencia directa de incendio, explosión e acción da auga, cun sublímite de 300.000 €.

- Unha Póliza de Daños, co límite máximo de indemnización por importe de 124.858,06 €uros., con coberturas: incendio, raio, explosión, danos eléctricos e extensión de garantías. Constará como asegurado adicional e beneficiario o Concello de Vigo.

A súa contratación xustificárase antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.

e) Satisfacer no seu caso, os tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola autorización da que é titular.

f) Aboar os gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, subministración de auga, e calquera outro de natureza semellante.

g) A entrega do inmovible, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, da autorización de ocupación.

7º.- Serán facultades da Fundación:

a) Posta a disposición polo Concello do local municipal, e a súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo da autorización e consonte ó disposto neste clausulado.

b) Efectuar, ao seu cargo, obras de reparación necesarias do local, requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descriptivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello.

8º.- Facultades do Concello

a) O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da Fundación polo devandito acto.

b) A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar

as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

9º.- Sera de conta da usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros ou a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.*
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.*
- Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello en cuestións de mantemento e conservación do local.*
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da cesionaria.*

11º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu desaloxo e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, correndo do seu cargo os gastos que se xeren.

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(248).- AUTORIZACIÓN DE USO TEMPORAL DUN LOCAL DE TITULARIDADE MUNICIPAL SITO NA ZONA DE GRADA DE TRIBUNA DO ESTADIO DE BALAIÓDOS Á FEDERACIÓN DE PEÑAS CELTISTAS. EXPTE. 20849/240.

Visto o informe de fiscalización do 06/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 31/03/2022, asinado pola xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- José Méndez Castro, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS CELTISTAS (FPC), según acordo da súa asemblea extraordinaria realizada en data 15.08.2021, solicita en representación da mesma, o 8 de febreiro de 2022, a cesión dun local na grada de tribuna do Estadio de Balaídos, sito na Avda. de Fragoso 107, para seu destino como sede da Fundación.



Concello de Vigo

II.- A Concellería Delegada de Patrimonio ditou orde de servizo o 30.03.2022 para o inicio dos tramites administrativos de otorgamento, no seu caso, da autorización interesada.

III.- Na tramitación do expediente emitíronse os seguintes informes:

III.1 Informe do enxeñeiro da edificación da Concellería de Fomento de data 22.02.2022:

“ANTECEDENTES:

A remodelación do estadio de Balaidos na zona de tribuna, foi efectuado baixo expediente 3208/240 ditas obras consistiron en “Demolición da cuberta actual da grada de Tribuna, así como os servizos que se encontran baixo a mesma e a actual fachada na que actualmente se sitúan as portas. Recollese no documento ademais da construción da nova cuberta sobre unha malla espacial, uns novos vestiarios e espazos complementario baixo a grada de preferencia e aseos en ambas gradas afectadas. Xenerarase así mesmo unha fachada adelantada na nova liña de acceso desde o exterior, na primeira liña de pilares. Se realizarán reforzos puntuais da estrutura e os pilares exteriores. Tamén se reformarán e adaptarán os palcos e as zonas reservadas.”

Ditas obras foron aprobadas por resolución da Xunta de Goberno Local en sesión de data 21/07/2018, dispoñen de acta de inicio das obras en data 23/12/2015 e as mesmas foron recepciónadas pola dirección de obra e responsable do contrato, segundo acta de data 5/abril/2017.

Con posterioridade baixo expedientes 606/441 e 5052/443, levouse a cabo a remodelación de o local definido nos planos de estado definitivo da grada de tribuna (plano A03), como local numero 4, no memos efectuaranse obras de adecuación no seu interior para uso, administrativo con atención a o público, dispónse de acta de recepción das obras de data 24/09/2021

INFORME:

O local obxecto de solicitude atopase debaixo da grada de tribuna alta, segundo o plano da zona de grada de tribuna consignase como local no 4 consta de unha superficie aproximada de 117,00 m2, dispoñen dos seguintes lindes Norte Avd. Do Fragoso, Sur tunel de drenaxe no mesmo estadio ESTE P7 que accede a grada y OESTE acceso a tribuna a traves de escaleiras de acceso T6, todo adecuado para uso administrativo asociado a o uso principal.

O Local en cuestión entregase para o uso, consta de unha planta a cota e rasante da vía pública que linda polo Norte, no seu interior en estado totalmente lobrego, e acabados de ladrillo en paramentos verticais, que o delimitan, teito con graderío visto pola sua parte inferior, elementos estruturais vistos no seu interior, e fachada con carpintería de aluminio na sua zona baixa en na superior co acabado interior da cuberta exterior.

O edificio no seu conxunto atopase ubicado segundo o PXOU/93 vixente, calificado como Suelo Urbano Consolidado sendo a ordenanza de aplicación a 3.2 zonas deportivas. En dita ordenanza son permisibles os seguintes usos:...Oficinas: En edificio con outros usos que non sexan vivenda. Categoría 1a

Con respecto a normativa urbanística actual o I.O.P. aprobado en data 24/07/2018 califica o suelo en cuestión como equipamento para uso deportivo, donde os usos terciarios indicados son permisibles, sempre asociados a o uso característico deportivo.

Con respecto a aprobación do novo planeamento propónse tamen como suelo urbano consolidado, propondo un sistema de equipamento, non estando documentación o correspondiente desenrolo, si sendo o uso característico o deportivo, non impediendo os usos terciarios a o servizos do característico.

A efectos valorativos,....Tomando os valores de mercado existente e de acordo a o calculo proposto, el local en cuestión estimo que segundo o mercado actual en 1.230,36 €/m², o que determina un valor total do local de 143.952,12 €uros.

III.2.- Informe da Xefatura de deportes en canto ao interese público municipal en outorgar a cesión:

“Que segundo os datos que obran na Concellería de deportes, a Federación de Peñas Celtistas, fundada en 1993, está configurada por un total de 123 Peñas e máis de 14.000 peñistas.

Esta cifra supón que a asociación agrupa á práctica totalidade de Peñas do Celta, sendo unha entidade de gran relevancia social e mediática da cidade.

O seu obxecto principal, segundo o detallado nos seus estatutos, é canalizar as inquietudes e propostas dos seus asociados e fomentar diferentes actividades deportivas e culturais relacionadas co R.C. Celta de Vigo e contribuír á mellora do prestixio social do R.C. Celta de Vigo.

En consecuencia, desde a Concellería de deportes considérase que pode ser de interese para o Concello de Vigo a posible cesión do local situado no baixo do Estadio Municipal de Balaídos, sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu exame xurídico, xa que enténdese que o interese público se fundamenta na relevancia social da entidade única pola súa envergadura na súa relación coa cidade de Vigo e co R.C. Celta de Vigo como máximo representante deportivo da cidade”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións públicas
- RD 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o regulamento de patrimonio das administracións públicas
- LPACAP (Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)
- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (RBEL)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

II.- Natureza e uso do local 4 do estadio de Balaídos

O Concello de Vigo é titular do ESTADIO DE BALAIÓDOS, sito na avda. de Fragoso 107, propiedade núm. 280 do Inventario municipal de Bens e dereitos, con natureza de



Concello de Vigo

ben demanial destinado ao servizo público como centro deportivo municipal.

O estadio nestas datas está en proceso de reforma según indica o enxeñeiro da edificación no transcrito informe de data 22.02.2022. As obras da grada de tribuna na que se ubica o local núm 4 dunha superficie de 117 m², foron recepcionadas pola dirección de obra e responsable do contrato, o 5 de abril de 2017, levándose ademais a cabo a remodelación do local 4, obras acabadas o 24 de setembro de 2021.

No Inventario de bens do Concello de Vigo en revisión, no epígrafe VIII de bens revertibles, co número 114 rexístrase o dereito de uso do estadio polo RC Celta de Vigo: o Pleno do Concello de Vigo, con data 17 de maio de 1989, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Real Club Celta de Vigo, S.A.D. co obxecto de regular a utilización por esta entidade deportiva do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos e dos campos de fútbol de Barreiro e a Madroa; convenio que foi obxecto dunha primeira modificación en sesión do Concello-Pleno, de 28 de maio de 1992, que deu lugar ao texto refundido do mesmo, e dunha segunda novación modificativa, aprobada o 20 de febreiro de 2009.


O convenio autoriza ao Real Club Celta de Vigo para que o seu primeiro equipo utilice o Estadio Municipal de Balaídos para a celebración de encontros deportivos oficiais, mailos amistosos ou trofeos que conveñan, durante o prazo e cos dereitos e obrigas para o Real Club Celta de Vigo que se estipulan no convenio e na súa novación modificativa de 2009.

O dereito de uso non abrangue o dos locais do estadio, tal e como refire en expreso informe o xefe do Servizo xurídico dos Servizos xerais en data 22.03.2022, limitándose o dereito de uso por parte da entidade deportiva a :

".. utilizar durante a celebración dos encontros deportivos os locais e entreplantas das gradas para a instalación dos novos bares e ambigús que se puideran abrir, previa autorización do Concello, para ser explotados polo Club ou por terceiros por cesión deste, durante os encontros deportivos..."

...E así, e o caso que, salvo a autorización concedida ao Club para a utilización dun local para "tenda" na grada de Tribuna e dos locais para oficinas e taquillas, sitos na grada de Gol, que actualmente ocupa o Real Club Celta de Vigo, S.A.D., a posesión inmediata dos demais espazos do Estadio a ostenta o concello de Vigo

O local solicitado está na actualidade sen actividade, e sen uso ou servizo municipais.



III.- Réxime xurídico da cesión

A natureza demanial co que figura o local municipal obxecto de cesión, aínda que non responda na actualidade a unha adscripción ou afectación determinada a prestación dun servizo público municipal, esixe en atención a dita calificación, a suxeción aos principios e réximen xurídico de aplicación aos bens de dominio público (art. 5 e 6 LPAP), debéndose naqueles casos nos que se prevea, na execución dun proxecto ou plan municipal, o acceso ou utilización privativa ou especial por terceiros que excluan ou limiten o xeral que correspondelle a ditos bens pola súa natureza xurídica, atender o reximen xurídico previsto na normativa reguladora do patrimonio das Administracións públicas, co outorgamento do título habilitante que no seu caso resulte procedente (art. 84 LPAAPP).

Consecuentemente, no presente caso, a utilización pola entidade interesada do local municipal, precisa a obtención previa da correspondente autorización administrativa para o aproveitamento e uso dos bens de natureza demanial, título habilitante a outorgar polo procedemento e nas condicións previstas na normativa reguladora do patrimonio das AAPP.

O outorgamento desa autorización demanial estará suxeito ás condicións xerais e particulares contempladas nesa normativa do patrimonio das AAPP e, entre outras, as establecidas no artigo 92.7 LPAP que regula: o réxime de uso do local; o económico a que queda suxeita a autorización; a garantía a prestar; a asunción dos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza e de entregalo no estado en que se recibe; o compromiso da previa obtención de cantas licenzas e permisos requira o uso do ben; a asunción da responsabilidade derivada da ocupación (formalización da oportuna póliza de seguro, aval bancario, ou outra garantía); a aceptación da revocación unilateral pola administración, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público; as facultades inspectoras do Concello sobre o ben obxecto de autorización; o prazo e réxime de prórroga; e as causas de extinción.



Concello de Vigo

IV.- Cesión á Federación de Peñas celtistas

No presente caso, cabe efectuar as seguintes consideracións tendo en conta as condicións que concurren para a cesión do local municipal solicitado:

IV.I. A Federación de Peñas Celtistas **fundouse** o 28 de febreiro de 1993, co nome orixinal de Federación de Peñas del Real Club Celta de Vigo Sociedad Anónima Deportiva, e cuxo nome actual foi aprobado en Asemblea xeral extraordinaria de 6 de novembro de 2016, figura inscrita no Rexistro nacional de asociacións do Ministerio do Interior na sección 2, co número 1524.

Os **fins** da fundación da Asociación, entre outros son:

- a) Levar as inquietudes das Peñas Celtistas e de seus asociados o Consello de Administración do RC Celta de Vigo.
- b) Fomentar a vida deportiva e cultural entre as distintas Peñas asociadas.
- c) Fomentar a irmandade entre as Peñas Celtistas auñando criterios e inquietudes para solución dos problemas que teñan seus membros.
- d) Contribuír a engrandecer o prestixio social e deportivo das mesmas e, consecuen- cia, do RC Celta de Vigo.

Para levar a cabo os fins da fundación da Asociación, a Federación de Peñas Celtistas, entre outros, **organiza**:

- a) Desprazamentos as distintas cidades de España e incluso europeas, cando o RC Celta de Vigo xoga competición internacional, levando o nome de Vigo por bandeira.
- b) En colaboración co RC Celta de Vigo, desprazamos en rutas organizadas en autobús, desde distintos puntos da xeografía galega, a peñistas o estadio de Balaídos, en cada partido que xoga o RC Celta de Vigo.
- c) A comenzo da tempada celebramos a Asemblea xeral, o que con leva o desprazamento de representantes de todas as Peñas a Vigo.
- d) Cada tempada a Federación de Peñas Celtistas organiza o campionato de fútbol de Peñas Celtistas, que se celebra en dúas fases, a primeira de clasificación, na que participan redor de 28 Peñas, das cales algunhas son da provincia de Pontevedra e incluso de outra Provincia, e a segunda fase ou fase final na que participan os oito mellores clasificados, sendo o mes de maio a data elixida para proclamar o campión do torneo. Todos os partidos se xogan nos distintos campos da Cidade de Vigo.
- e) Igualmente cada tempada a Federación de Peñas organiza unha charla coloquio, cunha temática distinta cada ano, relacionada co fútbol, e na que participa representantes do Concello de Vigo.
- f) A final de tempada organizase a Convención anual de Peñas Celtistas, que se celebra en Vigo nun hotel da Cidade no transcurso do fin de semana, no que participan unha media de 400 peñistas, e o que asisten convidados representantes do Concello de Vigo.
- g) Así mesmo celebrouse o Congreso Nacional de Afeccións Unidas no ano 2003, no que participaron 3.000 peñistas de todos os clubs de España, durante tres días, no

que, entre outros actos, se organizaron visitas guiadas pola Cidade e a Ría en colaboración co Concello de Vigo. Este Congreso está solicitado para celebrarse no ano 2024 en Vigo.

A Federación de Peñas Celtistas **conta** na actualidade con 123 Peñas e 14.250 peñistas, repartidos da forma seguinte:

Cidade de Vigo = 33 Peñas

Provincia de Pontevedra = 45

Provincia de A Coruña: 9

Provincia de Lugo = 7

Provincia de Ourense = 11

En España = 12

No estranxeiro = 6

O lugar de encontro de todos os peñistas que se desprazan a Vigo para asistir os encontros do RC Celta de Vigo no estadio de Balaídos e a oficina da Federación de Peñas Celtistas, igual que os representantes das Federacións de Peñas dos equipos que visitan Vigo.

No local da Federación de Peñas Celtistas, celébranse actos de irmán amento e confraternidade coas Federacións de Peñas dos equipos que nos visitan e incluso con Peñas a nivel individual.

Así mesmo participa nos actos organizados polas distintas Peñas Celtistas, inauguracións, aniversarios, charlas, etc., nos distintos lugares da xeografía nacional.

A natureza da Federación, que integra a tódalas peñas celtistas do mundo, maila a súa gran relevancia social e mediática da cidade, xustifica que a concellería de Deportes entenda que pode ser de interese para o Concello de Vigo a posible cesión do local situado no baixo do Estadio Municipal de Balaídos, xa que o interese público se fundamenta na relevancia social da entidade única pola súa envergadura na súa relación coa cidade de Vigo e co R.C. Celta de Vigo como máximo representante deportivo da cidade.

IV.II. Dacordo co disposto nos arts. 92.1 LPAP e 77.2 RBEL, as autorizacións outórganse directamente, por tempo determinado, sendo seu prazo máximo de duración de 4 anos, incluídas as prórrogas.

IV.III.- O reximen económico que regula a ocupación do demanio, establece que as autorizacións/concesions poderán ser gratuítas, outórganse con contraprestación ou con condicións, ou estar suxeitas á taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público (.../). Non estarán suxeitas á taxa cando a utilización privativa ou aproveitamento especial de bens de dominio público non leve aparellada unha utilidade económica para a persoa autorizada ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela. Nos casos previstos no parágrafo anterior, farase constar tal circunstancia nos pregos de condicións ou clausulado da autorización (art.92.5 da LPAP).

Neste senso, ao se tratar dunha organización constituída sen ánimo de lucro, que se rexe pola LO 1/2002, de 22 de marzo de Asociacións, a autorización será gratuita.



Concello de Vigo

IV.IV.- Estimase polos servizos técnicos que o valor do local no mercado sería de 1.230,36 €/m², o que determina un valor total do local de 143.952,12 €. Atendendo a ese valor, deberá concertarse unha póliza de danos cun límite máximo de indemnización por dito importe.

IV.V.- Dacordo co artigo 92.6 LPAP a Federación deberá constituir unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, que foi estimado en 143.952,12€uros.

V.- Conclusión

Polo anteriormente exposto, tendo en consideración os fins para os que se solicita a cesión, a natureza xurídica da solicitante, e as actividades que desenvolve, se estima que concurren circunstancias de interese público municipal que xustifican a posta a disposición, con carácter temporal e en precario, do local municipal como así resulta do informe xustificativo de dito interese emitido pola Concellería de Turismo ó sinalar que *"...considérase que pode ser de interese para o Concello de Vigo a posible cesión do local situado no baixo do Estadio Municipal de Balaidos, sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu exame xurídico, xa que enténdese que o interese público se fundamenta na relevancia social da entidade única pola súa envergadura na súa relación coa cidade de Vigo e co R.C. Celta de Vigo como máximo representante deportivo da cidade"*.

VI.- Competencia

Resulta competente para o outorgamento da autorización administrativa do uso privativo do devandito local, nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido se formula, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TR da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo anteriormente exposto, fórmulase á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Declarar como non necesario ós servizos municipais do Concello, o local de titularidade municipal sito na zona de grada de tribuna do Estadio de balaídos, local nº 4, dunha superficie aproximada de 117,00 m², cos seguintes lindes Norte Avda. do Fragoso, Sur tunel de drenaxe no mesmo estadio. Ieste P7 que accede a grada e oeste acceso a tribuna a traves de escaleiras de acceso T6, e reflexado no plano integrado no fundamento xurídico II do presente acordo.

Segundo.- Autorizar á FEDERACIÓN DE PEÑAS CELTISTAS (FPC) o uso temporal do local municipal como sede da entidade.

Terceiro.- A autorización outórgase nas seguintes condicións:

1º.- A autorización limitarase ó dereito ó uso do local sito na zona de grada de tribuna, local nº 4, dunha superficie aproximada de 117,00 m², sen que en ningún caso supoña cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre dito inmóbel.

2º.- A autorización outórgase a título gratuito e co único fin de ser adicada, pola entidade usuaria, a sede desta con exclusión expresa de calquera outro uso ou finalidade.

A Federación cesionaria non ven obrigada a satisfacer ao Concello canon anual en concepto de taxa pola utilización privativa do dominio público, en tanto a utilización privativa non leva aparelhada unha utilidade económica para a Federación.

3º.- O prazo da autorización fíxase en tres anos, prorrogable por un ano mais, mediante acordo expreso desta Administración e previa a súa solicitude polo usuario feita cunha antelación de tres meses ó remate do prazo fixado.

O inicio do cómputo de prazo será dende ó día seguinte á data na que se formalice en documento administrativo o outorgamento da autorización.

4º.- A autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptible da constitución ou establecemento na mesma de carga ou gravame ningún.

5º.- A autorizada estará obrigada ó pagamento dos gastos gravames ou tributos de calquera clase que se poideran derivar con motivo do outorgamento da autorización.

En previsión do artigo 92.6 LPAP, a Federación deberá constituir unha garantía do 3% do valor do dominio público ocupado, debendo constituírse por calquera dos medios legalmente establecidos, na Tesourería Xeral deste Excmo. Concello no prazo máximo de quince días a contar dende o seguinte á notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de outorgamento da autorización demanial.

6º.- Serán deberes da FEDERACIÓN DE PEÑAS CELTISTAS

a) Manter ao seu cargo, en bo estado de conservación e limpeza, o local, así como as súas instalacións e servizos, efectuando as obras de reparación, conservación, mantemento, reposición ou substitución que sexan necesarias ó efecto.

b) As obras de reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da Federación, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.

c) Permiti-lo acceso ás dependencias e instalacións do local á autoridade e funcionarios municipais en orde á inspección e control desta.

d) Responder dos danos ou perdas que poidan ocasionarse a terceiros ou ao propio local durante todo o prazo da autorización, debendo suscribir:

-Unha póliza de Responsabilidade civil cun límite xeral de 1.000.000 €, que contemple na descrición do risco a actividade que se vai a desenvolver no local, e que comprenda unha garantía de RC locativa para cubrir ó inmóbel que sexan consecuencia directa de incendio ,explosión e acción da auga, cun sublímite de 300.000 €.

-Unha Póliza de Daños, co límite máximo de indemnización por importe de 143.952,12 Euros., con coberturas: incendio, raio, explosión, danos eléctricos e extensión de garantías. Constará como asegurado adicional e beneficiario o Concello de Vigo.

A súa contratación xustificárase antes do inicio da actividade, e posteriormente con periodicidade anual, a súa renovación e vixencia.

e) Satisfacer no seu caso, os tributos estatais, autonómicos e locais que lle corresponda pola autorización da que é titular.



Concello de Vigo

f) Aboa-los gastos de teléfono, enerxía eléctrica, gas, subministración de auga, e calquera outro de natureza semellante.

g) A entrega do inmovible, xunto coas melloras e instalacións fixas, ao remate, da autorización de ocupación.

7º.- Serán facultades da Federación:

a) Posta a disposición polo Concello do local municipal, e a súa ocupación privativa para o desenvolvemento da actividade, durante o prazo da autorización e consonte ó disposto neste clausulado.

b) Efectuar, ao seu cargo, obras de reparación necesarias do local, requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descritivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello.

8º.- Facultades do Concello

a) O Concello resérvase a facultade da revocación unilateral da autorización, en calquera momento, cun preaviso de seis meses, por razóns de interese público, sen que se xere dereito indemnizatorio ningún a favor da Federación polo devandito acto.

b) A administración autorizante resérvase a facultade de inspeccionar en calquera momento o ben obxecto da autorización, para comprobar o cumprimento dos termos nos que foi outorgada, poidendo dictar as instrucións e ordes pertinentes para o bo estado de conservación e mantemento do mesmo.

9º.- Sera de conta da usuaria a responsabilidade civil ou patrimonial que resulte da ocupación, polos danos que poida causar a terceiros ou a propiedade municipal, na súa condición de usuario.

10º.- Son causas de extinción da autorización, ademais das xerais previstas nas leis:

- Polo transcurso do prazo outorgado.
- A adicación do local a usos ou fins distintos ós autorizados.
- Non atender as ordes ou instrucións ditadas polo Concello en cuestións de mantemento e conservación do local.
- A revocación unilateral acordada polo Concello ou o desistimento ou renuncia da cesionaria.

11º.- Extinguida por calquera das causas previstas a autorización, a entidade autorizada procederá o seu desaloxo e posta a disposición do Concello, en perfecto estado de conservación, correndo do seu cargo os gastos que se xeren.

Cuarto.- A presente autorización, formalizarase en documento administrativo, no prazo dos trinta días seguintes á data da súa notificación á entidade autorizada.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(249).- RESOLUCIÓN DE DOUS DE RECURSOS DE ALZADA INTERPOSTOS EN RELACIÓN CO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE 46 PRAZAS DE POLICÍA LOCAL, QUENDA LIBRE, OEP 2017/18/19- 1ª FASE. EXPTE.39161/220.

A) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR DONA ÚRSULA COMESAÑA AMBROSIO.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/04/2022, asinado pola secretaria e o presidente do órgano de selección do proceso convocado para a provisión de 46 prazas de Policía Local, OEP 2017/18/19, que di o seguinte:

Dona. Ursula Comesaña Ambrosio, o día 18/1/2022 con nº de entrada 220012571, presenta recurso de alzada as resolucións das alegacións presentadas contra as preguntas do primeiro exercicio da oposición, acordadas polo órgano de selección en sesión da datas 16 de decembro de 2021 e 11 e 13 de xaneiro publicado o 14 de xaneiro de 2022 e publicadas na paxina web municipal na data 14 e xaneiro de 2022.

Dona Cecilia Chamorro Rial o día 2/02/2022 con nº de documento 220023525 presenta recurso de alzada as resolucións das alegacións presentadas contra as preguntas do primeiro exercicio da oposición, acordadas polo órgano de selección en sesión da datas 16 de decembro de 2021 e 11 e 13 de xaneiro publicado o 14 de xaneiro de 2022 e publicadas na paxina web municipal na data 14 e xaneiro de 2022.

Por razóns de economía procedimental, a lei de procedemento administrativo permite que o órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que sexa a forma da súa iniciación, potestativamente, poida dispoñer a súa acumulación a outros cos que garde identidade substancial ou íntima conexión (artigo 57 LPAC).

No presente caso, a xuízo da informante, dado que os recursos gardan íntima conexión, por referirse a unha mesma pregunta do primeiro exercicio da oposición, tipo test, celebrado na data 27 de novembro de 2021, procede a acumulación de ambos recursos.

Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.

1) ANTECEDENTES DE FEITO:



Concello de Vigo

PRIMEIRO- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017 2018 e 2019 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 46 prazas en propiedade de policía local enmarcadas no grupo C subgrupo C1 de titulación; escala administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía local e a cubrir mediante o sistema de oposición libre, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019,

SEGUNDO- Na data 27 de novembro de 2021 realizouse no recinto ferial de Vigo IFEVI situado en o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 100 preguntas e 20 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en 140 minutos minutos, e do conformidade co disposto no numero IV das bases específicas.

Na mesma data se publicaron os resultados deste exercicio así como a plantilla de respostas, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. As alegacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección por acordos de datas 16 de decembro de 2021 e 11 e 13 de xaneiro publicado o 14 de xaneiro de 2022 na paxina Web municipal.

2) NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de ^o
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2017,2018, e 2019 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 128 do 7 de xullo de 2020 e a rectificación de erros publicada no BOPP 206 de 26 de outubro de 2020.

3) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“ 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

SEGUNDA- A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

TERCEIRA - Os recursos se presentan por quen ten a condición de interesados no procedemento e dentro do prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das xerais da convocatoria).

CUARTA- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerais da convocatoria corresponde a Secretaria formular a Xunta de Goberno a proposta de resolución dos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

4) CONTIDO DO RECURSO PRESENTADO: O recurso se basa nas seguintes alegacións:

Recurso de alzada presentado por D. Ursula Comesaña Ambrosio, presenta o citado recurso solicitando a revisión da pregunta numerada co nº 62 cuio texto e o seguinte:

- **62. Para la válida constitución de la Junta de Gobierno Local se requiere, de conformidad con el artículo 126 de la Ley 7/1985**
- a) Que el número de miembros de la Junta de Gobierno Local que ostentan la condición de concejales presentes sea superior al número de aquellos miembros presentes que no ostentan dicha condición.
- b) Que el número de miembros de la Junta de Gobierno Local que ostentan la condición de concejales presentes sea igual al número de aquellos miembros presentes que no ostentan dicha condición.
- c) Que el número de miembros de la Junta de Gobierno Local que ostenta la condición de concejales presentes sea inferior al número de aquellos miembros presentes que no ostentan dicha condición
- d) Ninguna de las respuestas es correcta

ALEGACIONES :.Expón que o artigo 126 da ley 7/ 1985 no seu apartado 2, terceiro paragrafo di textualmente” en todo caso , para a valida constitución da Xunta de Goberno Local se require que o numero de membros da Junta de Goberno Local que ostentan a



Concello de Vigo

condición de concelleiros presentes sexa superior ao numero de aqueles membros presentes que non ostenten dita condición, “

- O segundo paragrafo foi declarado inconstitucional por sentenza do T.C; 103/2013 de 25 de abril.
- A resposta A da pregunta nº 62 referise exactamente ao contido do apartado 2, terceiro paragrafo do artigo 126 da Lei 7/ 1985 e polo tanto a resposta A e a única correcta como xa foi resolto na primeira corrección do exercicio posto que o enunciado da pregunta fai referencia a todo o artigo 126 da lei 7/ 1985 .
- Polo que solicita que non se admitan os recursos presentados e se de como correcta a resposta A)

Recurso de alzada presentado por Dona Cecilia Chamorro Rial: presenta o recurso solicitando a revisión da pregunta nº 62 :

• “62. Para la válida constitución de la Junta de Gobierno Local se requiere, de conformidad con el artículo 126 de la Ley 7/1985

- Expón que o artigo 126 da ley 7/ 1985 no seu apartado 2, terceiro paragrafo di textualmente” en todo caso, para a valida constitución da Xunta de Gobierno Local se require que o numero de membros da Junta de Gobierno Local que ostentan a condición de concelleiros presentes sexa superior ao numero de aqueles membros presentes que non ostenten dita condición, “
- O segundo paragrafo foi declarado inconstitucional por sentenza do T.C; 103/2013 de 25 de abril.
- A resposta A da pregunta nº 62 referise exactamente ao contido do apartado 2, terceiro paragrafo do artigo 126 da Lei 7/ 1985 e polo tanto a resposta A e a única correcta como xa foi resolto na primeira corrección do exercicio posto que o enunciado da pregunta fai referencia a todo o artigo 126 da lei 7/ 1985 .
- Por lo que solicita que no se cambie la respuesta correcta , manteniendo como correcta la respuesta A como habia considerado el tribunal al principio y se deje sin efecto la resolución publicada el dis 14/01/2022.

INFORME:

Examinado o contido do recurso, cómpre puntualizar o seguinte:

O que foi declarado como inconstitucional pola Sentenza 103/2013 de 25 de abril, do Tribunal Constitucional é o inciso segundo do apartado 2 do artigo 126 da Lei 7/1985. Debido a este pronunciamento de inconstitucionalidade, o Alcalde non poderá nomear como membros da Xunta de Gobierno Local a persoas que non ostenten a condición de concelleiros. En consecuencia, ao non poder nomear como membros da Xunta de Gobierno Local a persoas que non sexan concelleiros, non pode considerarse como correcta a resposta a) aínda que coincida coa redacción do artigo 126 da Lei 7/1985 por non resultar

aplicable á válida constitución da Xunta de Goberno Local dende a data da sentenza, sendo a resposta correcta a d)

Polo exposto o órgano de selección adoptou en sesións celebradas nas datas 1 e 11 de febreiro de 2022 respectivamente, o acordo de propoñer a Xunta de Goberno local a desestimación dos recursos de alzada interpostos por Dona Ursula Comesaña Ambroso e Dona Cecilia Chamorro Rial nas datas 18 de xaneiro de 2022 e 2 de febreiro de 2022, respectivamente, contra o acordo de resolución de alegacións publicado na data 14 de xaneiro de 2022

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º DESESTIMAR os recusos de alzada, presentados por Dona Ursula Comesaña Ambrosio e Dona Cecilia Chamorro Rial, as resolucións das alegacións presentadas contra as preguntas do primeiro exercicio da oposición, acordadas polo órgano de selección en sesións da datas 16 de decembro de 2021 e 11 e 13 de xaneiro e publicadas na paxina web municipal na data 14 de xaneiro de 2022, polos motivos expostos no presente informe-proposta

2º A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa notificación (artigos 8.1,25.1 e 46.1 da lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa)

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR D. ELOY VILARIÑO GERPE.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/04/2022, asinado pola secretaria e o presidente do órgano de selección do proceso convocado para a provisión de 46 prazas de Policía Local, OEP 2017/18/19, que di o seguinte:

D Eloy Vilariño Gerpe o día 17/1/2022 con nº de entrada 220012571, presenta recurso de alzada as puntuacións do primeiro exercicio da oposición, publicadas na paxina web municipal na data 14 e xaneiro de 2022.

1) ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO- A Xunta de Goberno Local na sesión de data 12 de marzo de 2020 aprobou a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas



Concello de Vigo

de Emprego Público do Concello de Vigo 2017 2018 e 2019 e, así mesmo, aprobou as bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das citadas ofertas de emprego público.

Dentro do obxecto desta convocatoria está a cobertura de 46 prazas en propiedade de policía local enmarcadas no grupo C subgrupo C1 de titulación; escala administración especial; subescala, servizos especiais; clase, policía local; categoría, policía local e a cubrir mediante o sistema de oposición libre, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondentes aos anos 2017, 2018 e 2019,

SEGUNDO- Na data 27 de novembro de 2021 realizouse no recinto ferial de Vigo IFEVI situado en o primeiro exercicio da oposición consistente en contestar por escrito, un cuestionario tipo test elaborado polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio, de 100 preguntas e 20 de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran os programas das bases específicas, e fixando o tempo para a súa realización en 140 minutos minutos, e do conformidade co disposto no numero IV das bases específicas.

Na mesma data se publicaron os resultados deste exercicio así como a plantilla de respostas, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións. As alegacións presentadas foron resoltas polo órgano de selección por acordos de datas 16 de decembro de 2021 e 11 e 13 de xaneiro publicado o 14 de xaneiro de 2022 na paxina Web municipal.

2) NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro de ^o
- Bases reitoras dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de EMPREGO Público do concello de Vigo 2017,2018, e 2019 publicadas no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra núm. 128 do 7 de xullo de 2020 e a rectificación de erros publicada no BOPP 206 de 26 de outubro de 2020.

3) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- O artigo 121 da Lei 39/2015 regula o recurso de alzada dispoñendo que:

“ 1. Las resoluciones y actos a que se refiere el artículo 112.1, cuando no pongan fin a la vía administrativa, podrán ser recurridos en alzada ante el órgano superior jerárquico del que los dictó. A estos efectos, los Tribunales y órganos de selección del personal al servicio de las Administraciones Públicas y cualesquiera otros que, en el seno de éstas, actúen con autonomía funcional, se considerarán dependientes del órgano al que estén adscritos o, en su defecto, del que haya nombrado al presidente de los mismos.

2. El recurso podrá interponerse ante el órgano que dictó el acto que se impugna o ante el competente para resolverlo.

Si el recurso se hubiera interpuesto ante el órgano que dictó el acto impugnado, éste deberá remitirlo al competente en el plazo de diez días, con su informe y con una copia completa y ordenada del expediente.

El titular del órgano que dictó el acto recurrido será responsable directo del cumplimiento de lo previsto en el párrafo anterior.”

SEGUNDA- A base décimo sétima das xerais dispón que contra a desestimación das reclamacións resoltas polo órgano de selección poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

TERCEIRA - Os recursos se presentan por quen ten a condición de interesados no procedemento e dentro do prazo legalmente establecido (Base décimo sétima das xerais da convocatoria).

CUARTA- Consonte ao disposto na base 8.1 das xerais da convocatoria corresponde a Secretaria formular a Xunta de Goberno a proposta de resolución dos recursos de alzada presentados contra as decisións dos órganos de selección.

4) CONTIDO DO RECURSO PRESENTADO: O recurso se basa na seguinte alegación:

“ no se le han sumado de forma correcta las preguntas acertadas “

O órgano de selección na sesión celebrada en data 26 de xaneiro de 2022 procede a revisar a plantilla do recorrente co numero 82229, pola plantilla de respostas actualizada na data 14 de xaneiro de 2022, e se comproba que a corrección e correcta con 64 respostas correctas e 36 incorrectas e de conformidade co cadro de puntuacións, polo que o órgano de selección acorda propoñer a desestimación do recurso de alzada formulado .

Polo exposto, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as bases reguladoras do procedemento de selección PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte :

ACORDO:

1º DESESTIMAR o recuso de alzada, presentado por D. Eloy Vilariño Gerpe na data 17 de xaneiro de 2022, contra as puntuacións do primeiro exercicio da oposición de policía local pola quedan libre, tipo test, polos motivos expostos no presente informe-proposta.

2º A presente resolución pon fin á vía administrativa. Contra a mesma poden os interesados interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa clase dos de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa notificación (artigos 8.1,25.1 e 46.1 da lei 29/98 da Xurisdición Contencioso-administrativa)

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(250).- BASES REITORAS PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE CATEGORÍA DE ENXEÑEIROS/AS TÉCNICOS/AS FORESTAIS. EXPTE. 39678/220.

Visto o informe de fiscalización do 07/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 04/04/2022 se presenta escrito asinado pola xefatura de montes, parques e xardíns e a directora de ingresos, conformada polas concellerías competentes, solicitando con carácter urxente de formación de bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, como enxeñeiros/as técnicos/as forestais.

II.- Mediante instrución de servizo de data 05/04/2022 a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, ordena incoar *“Ordear a incoación de expediente administrativo para a selección de persoal interino coa categoría profesional indicada -enxeñeiro/a técnico/a forestal, incluída no subgrupo A2 de titulación, mediante a convocatoria, polo sistema legalmente procedente, de proceso de selección para a xeración de listas de reserva, a fin de dar resposta ás necesidades manifestadas polos solicitantes, nos termos que procedan consonte ao establecido no marco normativo referencial de aplicación”*.

III.- Consta no expediente a solicitude presentada polos solicitantes no que propón como sistema de selección máis axeitado o de oposición libre (test e un exercicio práctico) e proposta de temario.

IV.- En consecuencia, resulta preciso artellar un proceso de cobertura áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización deste tipo de nomeamento, que en todo caso deberá ser respectuoso cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, tal e como dispón o artigo 10.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, propoñéndose a selección entre os presentados a través do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, así como no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal www.vigo.org, para público e xeral coñecemento.

En cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se proba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Consideracións sobre os funcionarios interinos no marco normativo referencia de aplicación.

Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses (apartado d); a substitución transitoria do titular da praza (apartado b); a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos (apartado c); e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

É absolutamente necesario o cumprimento rigoroso do anteriormente exposto, máxime logo de recente Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que pretende reforzar o carácter temporal da figura do persoal interino delimitando o prazo máximo de duración da prestación de servizos, e establecendo a obriga de velar por evitar calquera tipo de irregularidade na contratación laboral temporal e dos nomeamentos de persoal funcionario interino.

Os aspectos relacionados no presente apartado deberán expoñerse no expediente de nomeamento de persoal interino que da selección proposta poda derivarse.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable o réxime xeral dos funcionarios de carreira en canto sexa adecuado á natureza da súa condición temporal e ao carácter extraordinario e urxente do seu nomeamento, salvo aqueles dereitos inherentes á condición de funcionario de carreira.

En cumprimento das previsións establecidas na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, anteriormente referenciada, e coa finalidade de evitar a perpetuación da cobertura de postos de traballo por persoal interino, en ningún caso poderán ser nomeados interinamente os integrantes das listas de reserva que finalicen un período de interinidade baixo calquera modalidade (acumulación de tarefas, substitución, programa ou vacante), si o novo período pode supoñer un encadeamento ou vulnerar o prazo de duración máxima de permanencia do persoal interino.

Por último e consonte ás Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e



Concello de Vigo

categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente a área ou servizo solicitante, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, atenderase ás necesidades do Servizo e e/ou peculiaridades de servizos concretos, garantindo os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e actualizacións subseguintes.

II.- Sobre a motivación do proceso de selección e sistema selectivo obxecto da proposta.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16/07/2021 procedeuse á aprobación da revisión dos “Criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego”

No punto I dos referidos criterios consta que *“As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.”*

Segundo consta no escrito asinado pola Directora de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e o Concelleiro de Orzamentos e Facenda, o sistema de oposición considérase o máis axeitado no presente caso, cun temario específico que ten contidos de montes, xardíns, catastro e GIS sobre os que os/as aspirantes deberán demostrar a súa competencia acorde co destino aos postos de traballo a desempeñar. Así mesmo, faise constar a extrema urxencia na formación da bolsa de emprego solicitando, de ser posible, a súa tramitación por vía de urxencia.

III.- Requisitos dos aspirantes.-

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se as houberse, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

É **requisito específico** para o desempeño do posto de traballo de:

- **Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal:** Estar en posesión do título académico oficial de Enxeñería Técnica.

Como **requisitos xerais** para o acceso contémplanse os consignados no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que se concretan en:

-Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

-Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

-Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.

-Non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas de cada convocatoria.

- Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos ata a data do nomeamento.

IV.- Os órganos de selección de persoal nas Administracións Públicas: Réxime xurídico.

O marco normativo regulador dos órganos de selección de persoal das Administracións Públicas esixe o preceptivo axuste dos mesmos á configuración legal esixida no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do TREBEP, e no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, que consagra a profesionalidade dos mesmos no seu funcionamento, así como os principios de imparcialidade, responsabilidade persoal e de especialización técnica dos seus membros. Así, o artigo 60 do citado TREBEP establece que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros, y se tenderá, asimismo, a la paridad entre mujer y hombre.

2. El personal de elección o de designación política, los funcionarios interinos y el personal eventual no podrán formar parte de los órganos de selección.

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse ésta en representación o por cuenta de nadie.”



Concello de Vigo

Pola súa banda, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia, dispón que:

“1. Los órganos de selección serán colegiados y su composición deberá ajustarse a los principios de imparcialidad y profesionalidad de sus miembros y de paridad entre mujeres y hombres en el conjunto de las convocatorias de la oferta de empleo público respectiva.

2. En ningún caso pueden formar parte de los órganos de selección:

- a) El personal de elección o de designación política.*
- b) El personal funcionario interino o laboral temporal.*
- c) El personal eventual.*
- d) Las personas que en los cinco años anteriores a la publicación de la convocatoria hubieran realizado tareas de preparación de aspirantes a pruebas selectivas o hubieran colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.*

3. La pertenencia a los órganos de selección será siempre a título individual, no pudiendo ostentarse esta en representación o por cuenta de nadie.

4. Los miembros de los órganos de selección deben pertenecer a un cuerpo, escala o categoría profesional para el ingreso en el cual se requiera una titulación de nivel igual o superior al exigido para participar en el proceso selectivo.

5. Los órganos de selección actúan con plena autonomía en el ejercicio de su discrecionalidad técnica y sus miembros son personalmente responsables de la transparencia y objetividad del procedimiento, de la confidencialidad de las pruebas y del estricto cumplimiento de las bases de la convocatoria y de los plazos establecidos para el desarrollo del proceso selectivo.

6. La composición y régimen de funcionamiento de los órganos de selección se establecerá reglamentariamente.

7. Las administraciones públicas incluidas en el ámbito de aplicación de la presente ley pueden crear órganos especializados y permanentes para la organización de los procesos selectivos.”

Asimesmo, o artigo 10.2 do propio TREBEP establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles, que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva.

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VI. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

VII.- PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar as bases específicas reitoras do proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego de Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal (enmarcada no grupo A, subgrupo A2, escala administración especial), que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; bases contidas no ANEXO I do presente acordo e que forman parte inseparable do presente acordo, ordenando a súa urxente publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal www.vigo.org e no taboleiro de edictos da Casa do Concello, para público e xeral coñecemento.

Segundo.- Ordenar que se proceda á convocatoria pública do proceso selectivo para a formación dunha Bolsa de Emprego:

- **Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal**, subgrupo A2, a executar segundo o indicado no apartado primeiro do presente acordo.



Concello de Vigo

Terceiro.- Habilitar expresamente á Concellería-delegada competente en materia de persoal para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección, no uso das competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución da política municipal en materia de persoal ostenta por delegacións competenciais efectuadas en Decreto da Excmá. Alcaldía e Acordos XGL de datas 16/04/2021 e 22/04/2022.

Carto.- Notificar o presente acordo ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao persoal da oficina administrativa asignado á actividade de emprego público, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse calquera dos **recursos** que se indican a continuación:

-Recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que ditou a presente Resolución, no prazo dun mes dende o día seguinte ó da notificación ou publicación do mesmo no Boletín Oficial de Pontevedra (arts 112, 116, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común). Transcorrido un mes dende a interposición do recurso sen que se dite ou notifique súa resolución, se entenderá desestimado por silencio administrativo, podendo neste caso interpor contra a desestimación presunta recurso contencioso- administrativo.

-Recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da publicación da presente resolución.

ANEXO I

BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, QUE PERMITA OS NOMEAMENTOS INTERINOS PREVISTOS NO ARTIGO 10.1 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, COMO ENXEÑEIROS/AS TÉCNICOS/AS FORESTAIS(SUBGRUPO A2).

I.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria a selección de persoal para a formación dunha bolsa de Enxeñeiros/as Técnicos/as Forestais, subgrupo A2, que permita a cobertura interina prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- CONDICIÓN DOS ASPIRANTES E ACREDITACIÓN DOCUMENTAL

Para seren admitidos a realización dos distintos procesos selectivos, os/as aspirantes deberán posuír na data de finalización de presentación de solicitudes e manter ata o momento do correspondente nomeamento os seguintes requisitos de participación:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP en canto ao acceso ao emprego público dos nacionais de outros Estados en condicións de igualdade.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión ou en condición de obter o título académico de:

- Enxeñería Técnica.

Os extremos contidos nos apartados a) e c) acreditaranse con fotocopia simple do documento nacional de identidade, N.I.E, ou pasaporte con plena vixencia, a presentar inexcusablemente coa solicitude de participación no proceso selectivo.

A acreditación da titulación académica oficial contida no apartado e) efectuarase mediante a achega, dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección, mediante fotocopia autenticada do título oficial legalmente expedido, ou no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo, debendo os/as aspirantes manifestar expresamente estar en posesión do título requirido a tal efecto ou ben en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, asumindo baixo a súa exclusiva responsabilidade que a carencia da titulación ou a imposibilidade de acreditación da mesma dentro do prazo establecido para a toma de posesión impedirá legalmente o nomeamento.

En canto á acreditación dos requisitos contemplados no apartado b), efectuarase mediante a achega de certificado médico oficial, sen prexuízo de supera-lo oportuno recoñecemento médico; achega que deberá efectuarse igualmente dentro do prazo establecido para toma de posesión e unha vez superado o proceso de selección.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto con certificado de compatibilidade cos postos de traballo asociados á praza de Enxeñeiro/a técnico/a forestal.



Concello de Vigo

Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que os/as aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, de acordo co disposto no Real Decreto 2271/2004, del 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudo e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto coa antelación á celebración das probas selectivas.

O órgano de selección poderá requirir informe e, si é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria de la Xunta de Galicia para efectuar de maneira adecuada as ditas adaptacións.

O requisito do apartado d) acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará ben á solicitude de participación que se presente, ou ben facéndoo a través do formulario web dispoñible na web municipal www.vigo.org dentro da sección "Ofertas de Emprego" e consultando o apartado específico correspondente á presente convocatoria, onde dispoñerá de un formulario de impreso de solicitude de admisión a probas selectivas.

III.-SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección para estas bolsas de traballo será o de oposición libre, segundo a previsión con carácter xeral dos criterios de xestión de listas de reserva (acordo XGL 16/07/2021).

EXERCICIOS INTEGRANTES DO PROCESO SELECTIVO

Primeiro exercicio.- Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estableza o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas como mínimo, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que integran o temario.

O cuestionario será elaborado polo órgano de selección inmediatamente antes do inicio do exercicio.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non se puntuarán as non contestadas.

Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos, e será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

Segundo exercicio.- Suposto práctico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os/as aspirantes desenvolverán no prazo máximo que determine o órgano de selección un exercicio de carácter práctico a desenvolver en equipo informático e software axeitado que proporcionará o Tribunal. O exercicio versará sobre algún/s dos temas da parte específica dos que figuran no presente anexo.

Puntuará de 0 a 10 puntos, sendo necesario para a súa superación acadar unha puntuación mínima de 5 puntos.

Terceiro exercicio.- De carácter igualmente obrigatorio, aínda que a falta de superación do mesmo non impedirá o nomeamento.

Consistirá na realización dunha proba escrita de coñecemento da lingua galega, que determinará o órgano de selección co asesoramento do Servizo de Normalización Lingüística, e avaliarase de 0 a 2 puntos.

O/a aspirante que non obtivese 1 punto como mínimo nesta proba deberá participar no primeiro curso de idioma galego que realice a Administración autonómica (Secretaría Xeral de Política Lingüística ou organismo autonómico competente) a fin de obter a debida capacitación.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que manifesten ou acrediten posuír o título CELGA 4 ou equivalente homologado no prazo regulamentario de presentación de instancias, segundo o establecido na Orde do 16 de xullo do 2007, que regula os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga) en relación co seu Anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos.

Unha vez rematada a valoración e sumadas as cualificacións correspondentes, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terán en conta a puntuación máis alta e a máis baixa, sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

Se os exames non fosen corrixidos ao remate da proba introduciranse nun sobre que se pechará e selará, sobre o precinto asinarán todos os membros do órgano de selección presentes e, sempre que fose posible un número similar de aspirantes. O sobre quedará baixo a custodia do/a secretario/a para a súa apertura ao inicio da sesión na que se corrixan.

A orde de puntuación dos membros do órgano de selección será a que este acorde con anterioridade á corrección dos exercicios e deberá facerse constar na acta.

No caso de empate, o desempate resolverase a favor do/a aspirante que obteña maior puntuación nunha sinxela proba que ao efecto estableza o órgano de selección.



Concello de Vigo

Naqueles exercicios nos que sexa preciso establecer unha orde de actuación dos/as aspirantes, o órgano de selección antes do primeiro exercicio da oposición e en sesión pública, efectuará o sorteo para establecer a devandita orde.

Unha vez rematadas as probas selectivas e sumadas as cualificacións correspondentes a cada unha das probas realizadas de que consta esta oposición, farase pública a relación de aspirantes que formarán parte da lista de substitucións por orde de puntuación de maior a menor, en condicións de ser nomeados/as funcionarios interinos/as prevista no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do EBEP.

V.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS DE PARTICIPACIÓN

As **solicitudes** dirixirse á Excm. Alcaldía-Presidente do Concello de Vigo e presentarse no Rexistro Xeral do Concello no prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Á instancia deberá achegarse unicamente a documentación especificamente referida na Base II anterior (“Condicións dos aspirantes e acreditación documental”).

Para a exención da realización do terceiro exercicio deberá presentarse o título CELGA 4.

Así mesmo tamén poderase presentar nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través do número de fax 986.22.52.26 ou ao correo electrónico ofi.persoal@vigo.org.

VI.- PUBLICIDADE

As bases da convocatoria publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e web municipal www.vigo.org, para garantir a maior difusión posible e para xeral coñecemento.

A lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, publicarase no Taboleiro de Editos da Casa do Concello así como na web municipal www.vigo.org.

Contra a **exclusión** na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de **cinco días hábiles** contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

Todas as comunicacións dirixidas aos aspirantes que ao longo do proceso selectivo se realicen polo órgano de selección serán publicadas no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal www.vigo.org.

VII.- ÓRGANOS DE SELECCIÓN

Terá carácter colexiado e estará integrado por 5 membros, debendo ter todos eles titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza. Deberán así mesmo pertencer a un Corpo, Escala ou Categoría Profesional na que se requira unha titulación igual a esixida para participar neste proceso selectivo. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación nin por conta de ninguén. Actuarán con voz e voto -a excepción do Secretario/a, que terá voz, pero non voto- podendo acordar nomeamento de asesores especialistas na materia, que deberán comparecer sempre a título individual, ata un máximo de dous por exercicio, igualmente con voz e sen voto.

O órgano de selección confórmase coa estrutura seguinte:

Presidente/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a Técnico de Administración Xeral do Concello de Vigo ou do seu organismo autónomo, encadrado no subgrupo A1 de titulación.

Corresponde ao Presidente/a acordar as convocatorias das sesións ordinarias e extraordinarias, presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas, asegura-lo cumprimento das leis, dirimir co seu voto os empates nos termos legalmente previstos, visar as actas e certificacións dos acordos do órgano de selección e as demais que lle outorgue a lexislación vixente.

Secretario/a:

-Un funcionario/a con habilitación de carácter nacional do Concello de Vigo, pertencente á subescala de Secretaría, subgrupo A1 de titulación, ou ben un funcionario/a do Concello de Vigo integrado/a no subgrupo A1 de titulación, escala Administración Xeral (rama xurídica) que intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas dos acordos e informe xurídico -coa correspondente proposta de acordo- ao órgano municipal competente en relación cos recursos administrativos que podan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección.

Os secretarios/as serán os responsables de elaboración das actas en soporte dixital e firmadas electrónicamente nos termos do previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo, e a Área de Recursos Humanos e Formación procederá no seu caso a darlle publicidade na web do Concello.

Igualmente, deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vogais:



Concello de Vigo

--Tres funcionarios/as de carreira do Concello de Vigo, do seu organismo autónomo ou doutros organismos públicos, encadrados/as no subgrupo A1/A2 de titulación de nivel igual ou superior, e que pertencen a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación de nivel igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

Os membros dos órganos de selección serán propostos pola Área de RRHH e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada competente en materia de persoal, previa verificación técnica do cumprimento dos requisitos legais de titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade e paridade contemplados na normativa vixente. A súa designación corresponde á Xunta de Goberno Local consonte ao previsto na normativa vixente en materia de réxime local, podendo delegar de forma expresa esta facultade na Concellería-delegada competente en materia de persoal.

Simultaneamente cos titulares designarase aos respectivos suplentes, e os seus integrantes deberán absterse de tomar parte no proceso selectivo cando concorran as causas recollidas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 24 da Lei anteriormente citada.

Non poderán formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual. Así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Polo Órgano de Selección deberá acordarse na sesión constitutiva o número máximo de sesións, debendo facerse constar na correspondente acta, podendo ampliarse unicamente por causa xustificada mediante novo acordo do mesmo, debidamente motivada na acta.

O Órgano de selección poderá requirir a asistencia técnico-administrativa dun funcionario/a de carreira adscrito/a Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, que desenvolverá tarefas administrativas de apoio ao órgano de selección e baixo as instrucións directas do mesmo, non podendo estar presente nas deliberacións do órgano de selección. No caso de requirir a presenza indicada, deberá deixarse constancia expresa na acta das causas motivadoras da necesidade de recurso ao dito efectivo, que en todo caso será designado pola xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, coa conformidade da Concellería-delegada da Área competente en materia de persoal.

Os membros do órgano de selección, os asesores/as que se podan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexerese no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/as aspirantes que superen todas as probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha **bolsa de emprego**, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de cinco anos.

Os/as aspirantes que renunciem expresamente a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados ao efecto se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 16/07/2021, segundo o cal:

“- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncián, como efectos os que se indican seguidamente:

a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.

- Non afectarán as renunciacións os supostos seguintes:

- 1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;*
- 2.- Incapacidade temporal (IT);*



Concello de Vigo

3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado

4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

5.- Coidado de fillo menor de 3 anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.

6.- Violencia de xénero.

7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres anos.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:

1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;

3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;

4.- Certificado de nacemento de fillo;

5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, ou orde de protección;

6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.

Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.

As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante o para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.

- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.

- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas."

En ningún caso poderán ser nomeados interinamente os integrantes das listas de reserva que finalicen un período de interinidade baixo calquera modalidade (acumulación de tarefas,

substitución, programa ou vacante), si o novo período pode supoñer un encadeamento ou vulnerar o prazo de duración máxima de permanencia do persoal interino.

A actuación do órgano de selección, en canto que órgano colexiado, rexeráse no non previsto na normativa sectorial vixente polas disposicións da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

VIII.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

IX.- INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; a efectos do cal poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o desenvolvemento conforme a Dereito do proceso selectivo.

X.- RÉXIME XURÍDICO

A valoración dos aspirantes axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado, e demais disposicións que resulten de aplicación.

TEMARIO

A) PARTE XERAL

Tema 1. A Constitución española de 1978: Consideracións xerais; estrutura e contido; características principais. Principios constitucionais e valores superiores.

Tema 2. A Unión Europea: orixe e natureza. As institucións da Unión Europea: composición e atribucións. Fontes do dereito comunitario: dereito orixinario e dereito derivado. Competencias.

Tema 3. A organización territorial do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido. Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia.



Concello de Vigo

Tema 4. O municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento. Dereitos e deberes dos veciños.

Tema 5. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. Competencias municipais. Os municipios de gran poboación.

Tema 6. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Validez e eficacia. A notificación. A execución do acto.

Tema 7. A invalidez do acto administrativo. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de oficio e a declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. Os recursos administrativos.

Tema 8. O procedemento administrativo: principios xerais e fases. O deber de resolver. O réxime do silencio administrativo.

Tema 9. Os contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Elementos do contrato administrativo. Preparación, adxudicación e formalización. Execución e modificación. Extinción.

Tema 10. A potestade sancionadora: concepto e principios que a informan. O procedemento sancionador.

Tema 11. O orzamento das Entidades Locais: concepto, principios e estrutura. Elaboración, aprobación e liquidación do orzamento.

Tema 12. Fases do procedemento de execución de gasto no réxime local. Os créditos e as súas modificacións: clases e tramitación. Os gastos plurianuais. Os remanentes de crédito.

B) PARTE ESPECÍFICA

Tema 1. A Lei 7/2012, de montes de Galicia: concepto de monte. Definicións. Competencias da administración local, autonómica e estatal. O Consello Forestal de Galicia. Decreto polo que se desenvolve o Consello Forestal de Galicia. Outras mesas sectoriais.

Tema 2. O plan forestal de Galicia. Obxectivos estratéxicos e programáticos. Principais medidas e programas. Horizonte temporal e orzamento asignado. Procedementos de revisión. Os plans de ordenación dos recursos forestais.

Tema 3. Prevención de riscos laborais nos traballos de mantemento de xardíns e parque forestais.

Tema 4. Deseño de áreas infantís. Normativas. Labouras de conservación mantemento.

Tema 5. Deseño de áreas biosaudables deportivas. Normativas. Labouras de conservación e mantemento.

Tema 6. Nodos de infraestruturas espaciais e Xeoportais. A directiva Inspire .

Tema 7. As infraestruturas de datos espaciais como complemento dos Sistemas de Información Xeográficos.

Tema 8. Os metadatos nos sistemas de información xeográficos: definición e obxectivos, normas e os seus elementos.

Tema 9. A Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestales de Galicia. O Pladiga. Os centros de coordinación.

Tema 10. Os incendios forestais. Incidencia en Galicia. Clase, causas, factores que interveñen na súa propagación e distribución xeográfica. Prevención de incendios: accións sobre o territorio e sobre a poboación. Restauración de zonas afectadas por grandes incendios. A estadística xeral de incendios forestais.

Tema 11. Base Cartográfica Catastral, o seu contido .

Tema 12. A referencia catastral.

Tema 13. Reproducción vexetativa: métodos tradicionais e novas tecnoloxías. As plantacións o o material de reprodución vexetativa. Os viveiros. Sistemas e estruturas. Produción, conservación e transporte das plantas. Sustratos e colectores.

Tema 14. Técnicas de rexeneración e de repoboación. Repoboación en zonas húmidas e subhúmidas. Principais especies forestais usadas na Comunidade Autónoma. Métodos, técnicas e maquinaria. Impacto das repoboacións forestais.

Tema 15. Arbolado viario. Selección de especies. Formación e mantemento. Análise e diagnóstico. Medidas correctoras.

Tema 16. Modelado de datos de Sistemas de Información Xeográficos. Comparativa entre os distintos modelos e conversión dos mesmos.

Tema 17. Modelado espacial vectorial. Primitivas xeométricas e tipolóxicas. Topoloxía e as súas relacións.

Tema 18. Estrutura de datos xeográficos no modelo vectorial e no modelo raster.

Tema 19. Sistemas de Información Xeográficos. Sistemas de coordenadas, sistemas de referencia. Conceptos de Xeodesia, xeoide e elipsoide.

Tema 20. Métodos de captura da información xeográfica. procesos de integración, edición xeométrica, edición semántica, construción e revisión dos datos.

Tema 21. Principais elementos ou compoñentes dunha rede para riego de zonas verdes. Cálculos, necesidades, instalación, mantemento.

Tema 22. Redacción de proxectos. Requisitos xerais. Documentos básicos. Dirección de obra. Certificado de fin de obra. Libro de órdenes e asistencia. Libro de incidencias. Coordinador/a de seguridade e saúde.



Concello de Vigo

Tema 23. Nocións básicas dos Sistemas de Información Xeográficos: definición e compoñentes. Desenvolvemento de proxectos GIS.

Tema 24. Fase de explotación dun proxecto de xestión de información xeográfica vectorial. As súas principais operacións e ferramentas.

Tema 25. Fase de explotación dun proxecto de xestión de información xeográfica rasterl . As súas principais operacións e ferramentas.

Tema 26. Clasificación de residuos segundo diferentes aspectos. Xerarquía no tratamento de residuos.

Tema 27. Sanidade forestal: principais enfermidades, plagas forestais e danos en Vigo. Medidas culturais, preventivas e terapéuticas. Tratamentos biolóxicos. Marco xurídico da sanidade forestal no contexto autonómico, español e da Unión Europea. Marco competencial en materia fitosanitaria na Xunta de Galicia. Declaración de plagas e enfermidades forestais.

Tema 28. O mantemento de zonas verdes de uso público. Labouras de conservación e reposición.

Tema 29. Áreas recreativas e parques periurbanos de uso público. Labouras de mantemento e conservación. Medidas enfocadas á potenciación de actividades sociais.

Tema 30. A calidade dos datos nos sistemas de información xeográfica.

Tema 31. Tratamento da información xeográfica: procesos de integración, edición xeométrica, edición semántica, construción e revisión dos datos.

Tema 32. Almacenamento e xestión da información xeográfica: datos orientados cara o proceso, arquitectura , modelo de referencia, bases de datos.

Tema 33. Almacenamento e compresión da información xeográfica: clasificación dos modelos, formatos, bases de datos.

Tema 34. Funcións de análise temática nos sistemas de información xeográficos.

Tema 35. Actualización da información en sistemas de información xeográficos.

Tema 36. Funcións, obxectivos e operacións realizadas por un servizo web de Mapas e servizos teselados. As súas características e operacións.

Tema 37. Os sistemas de información xeográfica como ferramenta de xestión aplicada a ámbitos metropolitanos, os principais campos e ámbitos de implementación .

Tema 38. Os sistemas de información xeográficos do Catastro . O sistema corporativo de cartografía catastral. A Sede Electrónica do Catastro.

Tema 39. Formatos para intercambio xeográfico de información e actualizacións catastrais . Estrutura e contidos da información.

Tema 40. O Catastro Inmobiliario: contido, concepto e clases de inmobles a efectos catastrais.

Tema 41. O catastro inmobiliario: procedementos para a modificación das bases de datos catastrais, modelos , documentación e información asociada ao procedemento.

Tema 42. O valor catastral : concepto e compoñentes do valor catastral, aproximación ao valor catastral de bens inmobles urbanos e de características especiais.

Tema 43. Valoración de bens inmobles rústicos. Valoración do solo urbanizable sectorizado sen determinacións de ordenación detallada ou pormenorizada. A Renovación do Catastro de Rústica.

Tema 44. O Catastro Inmobiliario: Formación e mantemento.

Tema 45. Gravación de datos catastrais nos expedientes de incorporación de bens inmobles ou de alteración das súas características.

Tema 46. Estudos estatísticos: conceptos básicos, tipoloxía, fases de desenvolvemento. As variables: definición, tipos e características. Estatísticos. Estatística descritiva bivariante e regresión lineal. Representación gráfica.

Tema 47. Modelos probabilísticos: funcións asociadas. Descrición dos principais modelos de variables aleatorias. Mostraxe: sesgo, clases, estimación, técnicas de mostraxe de resposta aleatorizada.

Tema 48. Bases de datos en Accés: vistas, deseños, manexo de táboas, consultas avanzadas, formularios, informes e macros. Bases de datos en rede. Conservación da integridade da información.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(251).- RECLAMACIÓN DE GASTOS XUDICIAIS DO EMPREGADO MUNICIPAL CON NP 77055. EXPTE. 37876/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 08/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I.- En escrito de data de sinatura electrónica (nº doc. 210101461) o empregado municipal Sr. Crespo Casal, solicita reintegro de gastos xudiciais por importe de 3.697,52 euros como consecuencia da súa imputación no procedemento abreviado 3890-2013, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo. Xunto a solicitude aporta:

- Minuta de procuradora por importe de 672,52 euros, e xustificante bancario do abono.
- Minuta de letrado por importe de 3.025 euros, pola intervención nas DP 3890/13
- Escrito de data 10/07/2017, no que o Ministerio Fiscal despacha o traslado conferido polo Xulgado de instrución nº 7 de Vigo, nas DP 3890/13.
- Auto do Xulgado do Instrución nº 7 de data 13/09/2017 (DP 3890-220), que acorda o sobreseimiento parcial respecto de varios investigados e apertura de peza separada sinalada polo Ministerio Fiscal no informe de 12/07/2017.

II.- Con carácter previo á redacción do informe proposta de acordo, e ao amparo do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, outorgouse ao solicitante un prazo de 10 días para presentar a documentación ou alegacións que teña por conveniente, dando traslado da fundamentación xurídica seguinte:

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal

caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

*- **No presente caso**, non resulta acreditado o cumprimento dos requisitos segundo e terceiro. O auto ditado polo Xulgado de instrución nº 7 de Vigo, nas Dilixencias Previas nº 3890-2013, seguidas contra numerosos investigados, establece nos seus fundamentos xurídicos que procede acordar o sobreseimiento provisional das actuacións respecto dun número determinado de investigados (entre os que no está o Sr. Crespo Casal), acordando respecto aos restantes, a continuación da tramitación da causa coa apertura das correspondentes pezas separadas. Con respecto ao Sr. Crespo Casal, acordouse: proceder a dítar as resolucións oportunas para a apertura das pezas separadas sinalas polo Ministerio Fiscal. Non consta na documentación aportada o resultado da causa que continuou na correspondente peza separada.*

Non consta polo tanto o sobreseimiento da causa nin resolución xudicial absolutoria, con respecto ao solicitante, resolución que sería necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos pola sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo.”

III.- Recibido documento de alegacións (nº 210126107), requiriuse novamente para que presente:

. O documento (doc nº 210126107) debidamente asinado.

. A sentenza de 21/04/2021, referida no seu escrito, así como, no seu caso a documentación que acredite as súas alegacións.

IV.- En data 30/07/2021, presenta escrito de alegacións e a sentenza requirida.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na



Concello de Vigo

sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

Esta doutrina foi recollida en resolucións xudiciais posteriores, tales como as Sentencias do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 22 de decembro de 2003, Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, de 27 de marzo de 2008, entre outras.

Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexo ao expediente.

IV.- No caso que nos ocupa, o empregado municipal Sr. Crespo Casal, solicita reintegro de gastos xudiciais por importe de 3.697,52 euros como consecuencia da súa imputación no procedemento abreviado 3890-2013, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 7 de Vigo.

Logo da tramitación que consta nos antecedentes de este informe, en data 30/07/2021, o solicitante presenta escrito de alegacións indicando en síntese que:

- As Dilixencias Previas (DP) seguidas polo xulgado de instrución nº 7 de Vigo, no Procedemento Abreviado (PA) 3890/2013, foron como consecuencia dun presunto

delito de tráfico de influencias, e as referidas DP foron sobreseidas mediante Auto do Xulgado de data 13/09/2017.

- O reintegro solicitado o é respecto do importe dos gastos de defensa letrada relacionados con tales Dilixencias, en ningún caso respecto da defensa letrada levada a cabo na “peza separada” posterior que corresponde ao delito de “Cohecho impropio”. Sobre a base do anterior, solicita o abono da cantidade reclamada.

Sen embargo da documentación obrante no expediente, resulta que a separación absoluta das dous causas que alega o solicitante, non é certa. Concretamente na Sentenza do Tribunal do Xurado nº 38/2019, de data 21 de abril de 2021, consta que o Sr. Crespo foi condenado por conformidade como autor criminalmente responsable dun delito continuado de suborno. Consta nesa mesma sentenza que a tramitación dos feitos se prolongou por aparecer incluídos xuntos con moitos outras nas DP 3890/13 do Xulgado de Instrución 7 de Vigo, pero logo incoouse peza separada...

Polo tanto temos que nas DP 3890/13 do Xulgado de Instrución 7 de Vigo, estaban incluídos os feitos (xunto con moitos outros) polos que posteriormente foi condenado. Así as cousas, procede a desestimación da solicitude por non cumprirse os requisitos sinalados neste informe para o abono dos mesmos.

V.- Competencia.-

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Desestimar, en base aos informe proposta que antecede a solicitude presentada polo empregado municipal Sr. Crespo Casal.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(252).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA “FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2021-2022. EXPTE. 4281/330.



Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 25/03/2022 e o informe de fiscalización do 05/04/2022, dáse conta do informe-proposta de data 09/03/2022, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 24 de xaneiro do 2022, a “Fundación Coral Casablanca” presenta escrito de solicitude de subvención para o programa de concertos a realizar durante o exercicio 2021-2022; por este motivo, con data 24 de xaneiro do 2022, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 27.500 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA é unha entidade sen ánimo de lucro, dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.

PROGRAMACIÓN DO ANO 2021-2022:

| | DÍA | HORA | LUGAR | INFORMACIÓN |
|---|------------|-------------|------------------------------|--------------------------------------|
| 1 | 10/12/2021 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Coros Casablanca |
| 2 | 18/12/2021 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Navidad- Coral Casablanca y Orquesta |
| 3 | 25/03/2022 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | La Palma-Coral Casablanca y Orquesta |
| 4 | 10/06/2022 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Coros Casablanca |
| 5 | 20/05/2022 | 20.30 | Salón Noble Náutico - Vigo | Componentes de Honor |
| 6 | 18/06/2022 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Primavera-Coral Casablanca |
| 7 | 25/06/2022 | 20.00 | Iglesia Sagrado Corazón-Vigo | Victimas COVID 19 |
| 8 | 24/09/2022 | 20.30 | Salón Noble Náutico - Vigo | 65 Aniversario Coral Casablanca |
| 9 | 05/11/2022 | 20.00 | Iglesia Sagrado Corazón-Vigo | Victimas COVID 19 |

Ensayos de la Coral Nov.2021 a Nov.2022 (Febrero a Octubre, Previstos)

| MES | NÚMERO |
|------------------------|-----------|
| NOVIEMBRE 2021 | 25 |
| DICIEMBRE 2021 | 15 |
| ENERO 2022 | NO |
| <u>FEBRERO 2022</u> | <u>10</u> |
| <u>MARZO 2022</u> | <u>18</u> |
| <u>ABRIL 2022</u> | <u>15</u> |
| <u>MAYO 2022</u> | <u>19</u> |
| <u>JUNIO 2022</u> | <u>18</u> |
| <u>JULIO 2022</u> | <u>14</u> |
| <u>AGOSTO 2022</u> | <u>2</u> |
| <u>SEPTIEMBRE 2022</u> | <u>22</u> |
| <u>OCTUBRE 2022</u> | <u>23</u> |

TOTAL: 40 (Ensayos de todas las agrupaciones)

Previstos: 125

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 73.224,46 € (SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTECATRO EUROS CON CO-RENTA E SEIS CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 27.500 €
- Socios: 21.500 €
- Donacións: 21.500 €
- Ingresos por taquilla: 4.224,46 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria



Concello de Vigo

- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento do mesmo
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 08.03.2022

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Coral Casablanca, para a organización do programa de concertos a realizar durante o exercicio 2021, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Fundación Coral Casablanca deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2022, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca” ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos a realizar durante o exercicio 2021-2022,

figurando na aplicación **3340.480.00.03** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 27.500 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Coral Casablanca” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 27.500 € (vintesete mil cincocentos euros) á Fundación Coral Casablanca, CIF. G-27753771, para o financiamento do programa de concertos 2021-2022, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.03 “CONVENIO CORAL CASABLANCA”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Coral Casablanca que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos da temporada 2021-2022”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A
"FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA", PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE
CONCERTOS 2021-2022

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego, do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía do 18 de xuño do 2019 con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data do 26 de xuño do 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020

Doutra, D. Ignacio Pérez Amoedo, na súa condición de presidente da Fundación Coral Casablanca (CIF: G-27753771) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo social na rúa Pontevedra, 6, 6º C, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **FUNDACION CORAL CASABLANCA** é unha entidade sen ánimo de lucro dedicada ao fomento e divulgación da música coral, en particular, e doutras artes escénicas en xeral no ámbito de Vigo e a súa comarca.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA**", como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.03, como subvención nominativa, a favor do **CONVENIO CORAL CASABLANCA**, a cantidade de 27.500 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CORAL CASABLANCA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2021-2022, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 73.224,46 € (SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTECATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 27.500 €
- Socios: 21.500 €
- Donacións: 21.500 €
- Ingresos por taquilla: 4.224,46 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

| | DÍA | HORA | LUGAR | INFORMACIÓN |
|---|------------|-------|------------------------------|--------------------------------------|
| 1 | 10/12/2021 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Coros Casablanca |
| 2 | 18/12/2021 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Navidad- Coral Casablanca y Orquesta |
| 3 | 25/03/2022 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | La Palma-Coral Casablanca y Orquesta |
| 4 | 10/06/2022 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Coros Casablanca |
| 5 | 20/05/2022 | 20.30 | Salón Noble Náutico - Vigo | Componentes de Honor |
| 6 | 18/06/2022 | 20.30 | Teatro García Barbón - Vigo | Primavera-Coral Casablanca |
| 7 | 25/06/2022 | 20.00 | Iglesia Sagrado Corazón-Vigo | Victimas COVID 19 |
| 8 | 24/09/2022 | 20.30 | Salón Noble Náutico - Vigo | 65 Aniversario Coral Casablanca |
| 9 | 05/11/2022 | 20.00 | Iglesia Sagrado Corazón-Vigo | Victimas COVID 19 |



Concello de Vigo

**Ensayos de la Coral Nov.2021 a Nov.2022
(Febrero a Octubre, Previstos)**

| MES | NÚMERO |
|------------------------|-----------|
| NOVIEMBRE 2021 | 25 |
| DICIEMBRE 2021 | 15 |
| ENERO 2022 | NO |
| <u>FEBRERO 2022</u> | <u>10</u> |
| <u>MARZO 2022</u> | <u>18</u> |
| <u>ABRIL 2022</u> | <u>15</u> |
| <u>MAYO 2022</u> | <u>19</u> |
| <u>JUNIO 2022</u> | <u>18</u> |
| <u>JULIO 2022</u> | <u>14</u> |
| <u>AGOSTO 2022</u> | <u>2</u> |
| <u>SEPTIEMBRE 2022</u> | <u>22</u> |
| <u>OCTUBRE 2022</u> | <u>23</u> |

TOTAL: 40 (Ensayos de todas las agrupaciones)

Previstos: 125

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ignacio Pérez Amoedo, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

S.ord. 13/04/2022

5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade achega ao expediente copia da póliza e do recibo do pagamento semestral do seguro de responsabilidade civil.
10. Cumprir estrictamente coas medidas que en cada momento establezan a autoridades sanitarias derivadas da COVID.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (27.500 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.



Concello de Vigo

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, O10, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Estipúlanse dous pagamentos según o seguinte:

- a) Un primeiro pagamento trala sinatura do presente convenio e antes do 30 de xuño do 2022 que se tramitará previa solicitude, na que se aboarán os gastos correspondentes as actividades efectuadas e xustificadas antes desta data.
- b) Un segundo e derradeiro pagamento que se tramitará previa solicitude, polo importe correspondente as actividades realizadas e xustificadas ata o 9 de novembro do 2022. O límite para presentar esta solicitude e a correspondente xustificación será o 10 de novembro do 2022.



Concello de Vigo

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2022.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados entre o 15 de novembro do 2021 e o 9 de novembro do 2022, que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os

custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN



Concello de Vigo

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2022, e non será prorrogable.

DECIMO SÉPTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2022



PRESUPUESTO DE INGRESOS Y GASTOS 2022

17(253).- ABERTO, D RÚAS MAR
Visto o informe do delegado de Xestión, o delegado de

I.- ANTECEDENTES

I.- O Concelleiro delegado de Fomento e Servizos de Fomento, en virtude do seu cargo, redacta o presente informe a favor da empresa

II.- A devandita RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 21.01.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 25.01.2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 28.01.2022 aprobou o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO SETENTA E TRES MIL CATROCENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.173.440,49 €), de data xullo 2021 e con sinatura dixital de data 21 de xaneiro de 2022 (Expte.5.111-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 28.01.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5.111-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez, de data xullo de 2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 11 de febreiro de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 11 de febreiro de 2022.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 9 de marzo de 2022.
- E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 25 de febreiro de 2022.

NOTAS

022, de 1 de febreiro de 2022

para irán a

RE AS

- F) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 2 de marzo de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 9 e 10 de marzo de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de marzo de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de marzo de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 21.01.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**HUMANIZACIÓN DA AVDA. CASTELAO, ENTRE AS RÚAS MARTÍN ECHEGARAY E DARÍO DURÁN**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de marzo de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CENTO SETENTA E TRES MIL CATROCENTOS CORENTA EUROS CON CORENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.173.440,49 €), sendo o importe corresponde ao IVE de 203.654,96 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190000 “HUMANIZACIÓN CASTELAO”, segundo a distribución de anualidades proposta:

| | |
|--------------|-----------------------|
| 2022 | 670.000,00 € |
| 2023 | 503.440,49 € |
| TOTAL | 1.173.440,49 € |

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 75,14%.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(254).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DA UNIDADE DE ACTUACIÓN UA-3 MONTANA, ALCABRE. EXPTE. 15903/411.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/09/2021, asinado pola técnica de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión e o xerente de Urbanismo e sometido ao Consello de Xerencia de 07/09/2021, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente promovido por “ARQURA HOMES, fondos de activos bancarios”, con CIF V8835928, (trala subrogación e cambio de titularidade efectuada no presente expediente con

data do 21.01.2020) e a vista da documentación técnica inserida polo técnico redactor D. Simón Pereiro Lopez-Quecuty, no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con datas do 01.07.2021 (Cod. Sol.: W573195-3915) e o 21.07.2021 (Cod. Sol.:W580466-3085)que complementa a anterior, a substitúe e/ou anula en todo o que a contradiga, que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, para a aprobación inicial do “Plan especial de Reforma Interior UA 3 MONTANA”, asinada dixitalmente polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e D. Simón Pereiro López-Quecuty, coa finalidade de proceder á tramitación e aprobación do dito instrumento de planeamento, procédese a emisión do seguinte informe con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación nº. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993 nomeado de “*Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia*” aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

O citado e vixente PXOU-93, delimita a área nomeada UA-3 Montana, sito na parroquia de Alcabre, como unha unidade de actuación de solo urbano delimitada no núcleo rural existente tradicional de Carregal, sito no ámbito exterior ao núcleo central da cidade. Remitindo a súa ordenación detallada a un estudio de detalle ou a un Plan de reforma interior, e prevendo o seu desenvolvemento posterior, a través de iniciativa privada, a xestionar polo sistema de compensación.

Obran no expediente e se incorpora ao mesmo, os informes emitidos polas empresas subministradoras e distribuidoras, - R Cable e Telecomunicaciones Galicia, SA do 21.03.2017, informe de Gas Natural Galicia do 20.03.2017 e informe de Unión Fenosa Distribución do 27.09.2017, verbo da viabilidade da suficiencia e subministro e infraestruturas do ámbito, e que foron solicitados con carácter previo a incoación do presente expediente, dando cumprimento ao establecido no artigo 162.g) do RLSG, así como o informe emitido o 14.09.2017 polo xefe da oficina de urbanización e infraestruturas.

Con data do 03.10.2017 a Vicepresidenta desta XMU, ditou Resolución, no eido das súas atribucións conferidas, dispoñendo a incoación da tramitación do Plan Especial de Reforma Interior UA 3.MONTANA, co obxecto de consolidar unha área residencial de alto valor, completando a trama urbana existente.

Deste xeito, e continuando co procedemento, con data do 26.07.2018, a Vicepresidenta da XMU, ditou Resolución, aos efectos de solicitar o inicio da avaliación estratéxica simplificada ao órgano ambiental competente da Xunta de Galicia, do “*Plan Especial de Reforma Interior da UA3 Montana*”, de conformidade co previsto no artigo 75.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en relación co artigo 46.2 do mesmo corpo legal) e ao abeiro do pautado no Capítulo I do Título II, Sección 2ª da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, ao que se achega o documento ambiental estratéxico (en diante, DAE) e o borrador da proposta.

En cumprimento do instado por esta administración, con data 15.11.2018 a referida Dirección Xeral formula o informe ambiental estratéxico relativo ao PERI, e remitido a esta Xerencia Municipal de Urbanismo o día 5.12.2018, así como unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o DAE e o borrador da proposta, e que corresponden ao



Concello de Vigo

Instituto de Estudos do Territorio, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á Dirección Xeral de Mobilidade e á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Neste informe ambiental estratéxico o órgano ambiental determina que o PERI non ten efectos significativos no medio, polo tanto, o plan especial poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza (art. 75.3.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, LSG) e art. 18.3.b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, RLSG).

Dita Resolución da Dirección xeral de Calidade ambiental e cambio climático, inseriuse mediante anuncio do 16.11.2018, no DOGA do 21.12.2018 polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do do PERI da unidade de actuación UA-3 Montana(Código2127/2018).

Con datas do 01.07.2021 (Cod. Sol.: W573195-3915) e o 21.07.2021 (Cod. Sol.:W580466-3085) o técnico redactor D. Simón Pereiro Lopez-Quecuty, insería no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, documentación relativa ao presente instrumento, consistente en Borrador e DAE, en soporte dixital, asinada dixitalmente polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e D. Simón Pereiro López-Quecuty, documentación toda ela que complementa, substitúe e/ou anula a anteriormente achegada, en todo o que contradiga, aos efectos de que se proceda a aprobación inicial do “Plan especial de Reforma Interior UA 3 MONTANA”.

Obran no expediente a emisión dos seguintes informes técnicos municipais, de carácter favorable, a vista da sucesiva documentación achegada, preceptiva para a aprobación inicial do presente expediente, isto é: Informe da técnico de medio ambiente de data 30.04.2021, e o informe emitido con data do 22.07.2021, pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión, que valida e informa favorablemente, a documentación achegada con data do 21.07.2021 polo equipo redactor,- consistente en Borrador e DAE- ,e no que fai constar expresamente, que foron subsanadas as indicacións contidas no informe suscrito pola Técnico de Medio ambiente con data do 30.04.2021, así como corrixido o estudo acústico, **concluindo que, a documentación presentada cumpre o establecido nos artigos 170 e seguintes do RLSG, e procede continuar co procedemento,** e do que reproducimos a continuación o seu contido técnico, para unha maior comprensión do dito pronunciamento.

“(..) 2. DOCUMENTACIÓN PRESENTADA.

*En data 01.07.2021 foi presentado DVD coa documentación técnica relativa ao PERI UA3 MONTANA, en data 21.07.2021 foi presentada nova documentación completando algúns apartados. **Este informe se refire á documentación achegada no rexistro da XMU en formato DVD en data 21.07.2021.***

A documentación en **FORMATO .PDF** contén as seguintes carpetas e documentos, as carpetas se recollen en **negrita**, os documentos .pdf en letra normal:

36057-PERI-202103-AI_01.MX

36057_PERI_202103_AI_MX_01INF

36057_PERI_202103_AI_MX_01INF_Titulares

36057_PERI_202103_AI_MX_02XUS

36057_PERI_202103_AI_MX_03.1ANX_FICHA

36057_PERI_202103_AI_MX_03.2ANX_MOB

36057_PERI_202103_AI_MX_03.4ANX_E_PAISAXE

36057_PERI_202103_AI_MX_03.5ANX_D_PAISAXE
IT20180223_04_fdO_REV

36057-PERI-202103-AI_02.PINF

36057_PERI_202103-AI_PINF_01EX
36057_PERI_202103-AI_PINF_01TOPO
36057_PERI_202103-AI_PINF_02CATASTRO
36057_PERI_202103-AI_PINF_03ACTUAL
36057_PERI_202103-AI_PINF_04IOP_AFEC
36057_PERI_202103-AI_PINF_01EX_05RISCOS
36057_PERI_202103-AI_PINF_01EX_06PROTECC

36057-PERI-202103-AI_03.PORD

36057_PERI_202103-AI_PORD_01USOS
36057_PERI_202103-AI_PORD_02LIC
36057_PERI_202103-AI_PORD_03LIS
36057_PERI_202103-AI_PORD_04POL
36057_PERI_202103-AI_PORD_06DEL

36057-PERI-202103-AI_04.NU

36057_PERI_202103_AI_NU
36057-PERI-202103-AI_05.CAT
36057_PERI_202103_AI_CAT_01M
36057_PERI_202103_AI_CAT_02F

36057-PERI-202103-AI_06.EE

36057_PERI_202103_AI_EE_01EE
36057_PERI_202103_AI_EE_02MVE

36057-PERI-202103-AI_07.AAE

Borrador

INFORMACIÓN

134-I1-INFORMACIÓN_SITUACIÓN Y PLANEAMIENTO
134-I2.1-INFORMACIÓN_DEL_TOPO_FOTOGRAFICO 1
134-I2.2-INFORMACIÓN_DEL_TOPO_FOTOGRAFICO 2
134-I3-INFORMACION_TOPO_SECCIONES AMBITO
134-I4-INFORMACIÓN_PARCELARIO_REAL_CATASTRAL
134-I5- INFORMACIÓN_INFRAESTRUCTURAS
134-I6-INFORMACIÓN_CONDICIONANTES



Concello de Vigo

PROYECTO

134-P01_General_Ordenación_Usos_Generales

134-P02_Zonificación_VP

134-P03_Zonas_Verdes_Espacios_Públicos

134-P04_Ocupación_Subsuelo

134-P05_Imagen_Final

134-P05_Imagen_Final_1_1000

134-P06.1_Red_Viaria_Alineaciones_Rasantes

134-P06.2_Red_Viaria_Alineaciones_Rasantes_II

134-P7_Instalaciones_Abastecimiento

134-P08_Instalaciones_Saneamiento_Pluviales

134-P09_Instalaciones_Saneamiento_Fecales

134-P10_Instalaciones_Red_Riego

134-P11_Instalaciones_Red_Eléctrica

134-P12_Instalaciones_Alumbrado_Público

134-P13_Instalaciones_Telecomunicaciones

134-P14_Instalaciones_Red_Gas

134-P15_Determinaciones_Accesibilidad

134-Borrador_plan

181115-Informe_Ambiental_Estratégico

20180206_DAE_firmado

FORMATO EDITABLE:

Presentáronse dúas carpetas non comprimidas:

01.DOC_EDIT

Esta carpeta segue o mesmo esquema de carpetas que as de formato .pdf. Os documentos de texto editables, aparentemente, teñen o mesmo contido pero a súa forma non é igual ao documento en formato .pdf.

No que se refire á documentación gráfica preséntase en formato .dwg. A posibilidade da presentación dos planos en dito formato deberá ser obxecto de consulta ao órgano correspondente da Consellería para determinar a súa validez ou a necesidade da entrega en formato .qgs ou .mxd.

Nestas carpetas inclúense arquivos en formato .jpg.

02.FONTE_DATOS

Incorpóranse esta carpeta as capas en formato .shp correspondentes á “Cualificación” (só das zonas de parcelas lucrativas máis o equipamento), de delimitación e de edificación.

FORMATO DA DOCUMENTACIÓN DO PERI UA3 MONTANA.

A **documentación en formato .pdf** segue as indicacións de sistema de carpetas e nomenclatura das NNTTP.

Con todo, deberían incorporarse nas seguintes entregas as seguintes modificacións:

- Segundo se establece no artigo 9 das NNTTP as carpetas débense entregar comprimidas.
- Os guións deben ser todos tipo guión baixo, tal e como se indica no Anexo 4.
- Todos os arquivos anexados deben seguir a nomenclatura indicada neste anexo. Por exemplo na carpeta correspondente á Memoria Xustificativa, inclúese o estudo acústico co nome de arquivo “IT20180223_04_fdO_REV”, debe acomodarse ao establecido no anexo 4. Tamén sucede o mesmo cos arquivos incorporados na carpeta correspondente á AAE.
- Todos os documentos que compoñen o plan deben ter un índice propio ao comezo de cada un deles coa sinalización das súas páxinas numeradas (artigo 4 das NNTTP). Non todos os arquivos .pdf teñen os preceptivos marcadores, deberán incorporarse en todos os documentos de texto en .pdf. O índice sexal debe acomodarse ao contido do documento.
- No caso dos .pdf que conteñan páxinas en diferente formato, como por exemplo sucede no catálogo, a páxina en A3 debe incorporarse en documento aparte.

No que se refire á **documentación en formato editable** os documentos en .docx deben ser idénticos aos .pdf, no só no contido, tamén na forma, de xeito que os correspondentes .pdf poidan obterse coa impresión directa dos arquivos editables.

No que atinxe aos formatos da documentación gráfica realizarase unha consulta á DXTU para comprobar a posibilidade da entrega da documentación gráfica editable en formato .dwg. No caso de que o formato requirido sexa tipo .qgs ou .mxd, será precisa a adaptación a estos formatos de toda a documentación gráfica editable.

Os arquivos auxiliares de tipo .shp, .jpg, .pdf, etc., empregados para a elaboración da documentación deberán situarse na carpeta “02.Fonte_datos”.

No que se refire ao informado en data 30.04.2021 pola técnica de medio ambiente, foron subsanadas, no substancial, as indicacións contidas no dito informe. Así, foi corrixido o estudo acústico que se presentou asinado polo técnico redactor do mesmo, foi incorporado o Borrador do PERI con toda a súa documentación e tamén engadiuse un anexo relativo á xustificación do cumprimento das normas e recomendacións das Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

Na **FICHA RESUMO DA ORDENACIÓN** condénsanse os datos xerais da ordenación, que segundo se recollen na **propia ficha** serán:

| | |
|---|---------------------------------|
| superficie delimitada | 19.329,00 m²* |
| superficies destinadas a dotaciones locales | |
| zonas verdes | 5.459,00 m² |
| parques y jardines | 4.233,00 m ² |
| áreas de juegos | 616,00 m ² |
| entorno fuente-lavadero | 610,00 m ² |
| Equipamiento Público | 697,25 m² |



Concello de Vigo

| | |
|---|-------------------------------|
| <i>Superficie de Viario</i> | 3.627,75 m² |
| <i>Superficie destinada a usos lucrativos</i> | 9.575,00 m² |
| <i>Aprovechamiento lucrativo</i> | 6.441,00 m² |
| <i>residencial vivienda libre</i> | 4.455,00 m ² |
| <i>residencial vivienda protegida</i> | 1.920,00 m ² |
| <i>comercial</i> | 66,00 m ² |
| <i>número de viviendas</i> | 43 viv. |
| <i>residencial vivienda libre</i> | 27 viv. |
| <i>residencial vivienda protegida</i> | 16 viv. |
| <i>número estimado de habitantes</i> | |
| <i>2,50 membros por vivienda</i> | 108 habitantes |
| <i>número de plazas de aparcamiento</i> | 106 plazas |
| <i>residencial</i> | 86 plazas |
| <i>dominio público</i> | 20 plazas |
| <i>número de árboles</i> | 65 árboles |

**Débense comprobar as superficies xa que a suma das superficies parciais arroxa un total de 19.359 m², hai unha diferenza de 30 m².*

PARÁMETROS DA ORDENACIÓN PROPOSTA PARA A UA 3 MONTANA, PXOU 1993.

O vixente plan xeral PXOU 1993 establece un ámbito denominado UA 3 Montana na parroquia de Alcabre para desenvolvemento posterior. Inclúe unha ficha cos seguintes parámetros:

A superficie delimitada é de 19.300 m².

A iniciativa de planeamento é privada.

O sistema de actuación é o de compensación

O número máximo de vivendas é 67.

A edificabilidade fixada é 0,5 m²/m².

As reservas par aespazos libres de dominio e uso público fixada é de 4.350 m². Non se establecen outras cesións na ficha.

Na ficha se establece que se creará unha entidade urbanística de conservación.

Como ordenanzas de referencia se indican a 1.3.A., a 1.3.B. e a 1.3.E.

O PXOU 1993 non é un plan adaptado nin a actual lei do solo de Galicia (Lei 1/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, LSG en adiante) nin á LOUGA (Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia). Polo tanto segundo a DT1ª da LSG:

2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

a) Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.a) desta lei, aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano consolidado.

Ao solo urbano que reúna as condicións establecidas no artigo 17.b) desta lei, **aplicaráselle o disposto nela para o solo urbano non consolidado.**

Polo tanto estamos nun ámbito de solo urbano non consolidado ao que lle é de aplicación directa o establecido na LSG para esta categoría de solo urbano.

Tamén é de aplicación o establecido na DT5ª, no relativo á reserva de vivendas acollidas a algún réxime de protección.

Así pois, o réxime urbanístico actual condiciona en gran medida o desenvolvemento dos ámbitos do PXOU 1993, xa que será necesaria a comprobación dos parámetros exixidos na LSG para as reservas de zonas verdes, equipamentos, prazas de aparcamento, arborado e vivendas de protección.

A ordenación que se pretende aprobar como desenvolvemento da UA 3 Montana, cumpre as reservas mínimas establecidas na LSG para os solos urbanos non consolidados, como é o caso. Así na Memoria Xustificativa no seu apartado b.7) xustifica o cumprimento destas reservas mínimas relativas ás zonas verdes e espazos libres, equipamento, arborado, prazas de aparcamento e porcentaxe de vivenda protexida.

No que se refire á superficie delimitada pódese comprobar que non existen diferencias esenciais. As modificacións operadas están xustificadas e responden aos axustes necesarios para o desenvolvemento do PERI e para excluir pequenas partes de parcelas edificadas existentes nos bordes. Con todo, pródcese un reaxúste do ámbito que non supera o 10%, polo que será de aplicación o establecido no artigo 157 do RLSG.

O número de vivendas e a edificabilidade asignada foi diminuída, respecto aos recollidos na ficha do PXOU 1993, isto débese ao necesario axuste das determinacións do Plan de Ordenación do Litoral, que afecta ao ámbito. Tamén se tivo en conta na ordenación finalmente escollida que a zona atópase no Núcleo de Identidade do Litoral de Alcabre, de forma que foron desbotadas alternativas con maior densidade e ocupación e con fileiras cun gran número de vivendas limitando o número de vivendas adosadas a 4, co fin de adaptar a nova ordenación á tipoloxía do Núcleo de Identidade do Litoral de Alcabre.

CONTIDO DO PERI UA3 MONTANA.

A documentación presentada cumpre o establecido nos artigos 170 e seguintes do RLSG.

A documentación achegada contén o documento ambiental estratéxico, planos de información incluído o catastral, memoria xustificativa, avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización, incluídas as conexións cos sistemas xerais existentes e a súa ampliación ou reforzo, planos de ordenación urbanística, ordenanzas reguladoras e un catálogo de elementos que se deben protexer.

A memoria xustificativa divídese nunha parte informativa e outra xustificativa.

A delimitación do ámbito foi reaxustada, este reaxúste xustifícase na memoria. En relación con este axuste será



Concello de Vigo

necesario o cumprimento do establecido no apartado 2 do artigo 157 do RLSG, coa preceptiva audiencia aos propietarios afectados.

Tamén se incorpora un estudo da mobilidade, un estudo da paisaxe urbana, un documento xustificación do cumprimento das Directrices da Paisaxe e un Estudo Acústico.

A relación de titulares catastrais dos terreos achégase nun arquivo independente, de xeito que se poida evitar á súa publicación se se considera necesario pola protección de datos.

Con todo, é preciso facer algunha observación para a súa incorporación na próxima entrega:

Índice xeral: *non se adapta á estrutura do documento e faltan no índice algúns anexos da memoria como é, por exemplo, o estudo acústico.*

Memoria Informativa: *contén unha información escueta do ámbito, neste sentido xa se indicou en anteriores informes a necesidade de completala.*

Estudo da mobilidade: *Aínda que o ámbito ten reducidas dimensións e polo tanto o estudo achegado parece suficiente, débese incorporar dentro deste estudo, segundo se establece no artigo 172, apartado 2.i) do RLSG a “Xustificación do cumprimento das condicións exixidas pola normativa vixente en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas no sector”.*

Catálogo: *Fonte-lavadoiro débese incorporar unha proposta de intervención tanto no entorno, contorno e protección, coma no propio elemento (ver artigos 195 e 197 do RLSG).*

Alumeado público: *sitúanse farois sobre beirarrúas de ancho 2,00m, polo que débese estudar a sección, ou como se pode evitar que se produzan estreitamentos de menos de 1,80m nestes percorridos peonís tal e como se establece na Orden VIV/561/2010, de 1 de febreiro, por la que se desarrolla el documento técnico de condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación para el acceso y utilización de los espacios públicos urbanizados, en relación co espacio libre nos viais en solo urbano non consolidado, estudando os anchos resultantes para situar tanto os báculos coma os alcorques e as árbores ou outros elementos. Sería recomendable incorporar esquemas a maior escala das seccións dos viais con todos os elementos proxectados para comprobar o cumprimento da normativa vixente en materia de accesibilidade.*

Seccións: *débese achegar detalle da entrada ao semisoto comercial e á parcela de equipamento público, xa que, segundo a sección e as rasantes representadas, se realiza desde unha plataforma cunha rasante situada a 75cm sobre a rasante da beirarrúa pero non se determina nin a situación, a lonxitude, nin a pendente da rampla de subida a dita plataforma. Tamén sería recomendable cara aos futuros proxectos, estudar a sección edificación comercial coas cotas fixadas nas seccións, para que a altura libre final destes espazos cumpran a normativa urbanística no que se refire a altura libre destes locais.*

Conservación da urbanización: *A ficha do PXOU 1993 establece a obriga da constitución dunha entidade urbanística de conservación, debe recollese na normativa urbanística dita obriga. No texto se exime aos propietarios desta obriga, non cumprindo, polo tanto o establecido na ficha.(..)”.*

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada.

- Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,

- Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro, Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,
- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
- Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica
- Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
- Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións.
- Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia
- Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,
- Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe,
- Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- O instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019 , no expediente 16022/411,
- O resto de disposicións que puideran afectar,

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica



Concello de Vigo

O vixente PXOU-93, delimita a área nomeada UA-3 Montana, sito na parroquia de Alcabre, como unha unidade de actuación de solo urbano delimitada no núcleo rural existente tradicional de Carregal, sito no ámbito exterior ao núcleo central da cidade; Remitindo a súa ordenación detallada a un estudo de detalle ou a un Plan de reforma interior, e prevendo o seu desenvolvemento posterior, a través de iniciativa privada, a xestionar polo sistema de compensación.

Na ficha resumo da ordenación, contense a delimitación do ámbito, que abrangue unha superficie de 19.329,00 m², co obxecto de consolidar unha área residencial de alto valor, completando a trama urbana existente. Cómpre indicar, no que atinxe á superficie delimitada, que se procedeu ao seu reaxuste, resultado de modificacións xustificadas e necesarias para o desenvolvemento do ámbito, excluindo pequenas partes de parcelas edificadas existentes nos bordes, non superando o 10%, cumpríndose así o pautado no artigo 157 do RLSG.

Desta forma na documentación presentada descríbese e xustifícase os obxectivos da Modificación proposta que consiste basicamente en, consolidar unha zona residencial, seguindo os parámetros marcados polo planeamento xeral, completando a trama urbana existente, dotando ao conxunto dunha correcta accesibilidade, servizos e zonas verdes, axeitadamente integradas e relacionadas co entorno e especialmente coas zonas verdes existentes, dando continuidade e mellorando os viais do entorno, situando un espazo dotacional centrado na ordenación do conxunto.

Como resultado, a documentación presentada arroxa a ficha resume que se reflicte no informe da xefa do servizo de planeamento e xestión, emitido con data do 22.07.2021 e que se reproduce a continuación no seguinte cadro:

| | |
|---|---------------------------------|
| superficie delimitada | 19.329,00 m²* |
| superficies destinadas a dotacións locais | |
| zonas verdes | 5.459,00 m² |
| parques y jardines | 4.233,00 m ² |
| áreas de juegos | 616,00 m ² |
| entorno fuente-lavadero | 610,00 m ² |
| Equipamiento Público | 697,25 m² |
| Superficie de Viario | 3.627,75 m² |
| Superficie destinada a usos lucrativos | 9.575,00 m² |
| Aprovechamiento lucrativo | 6.441,00 m² |
| residencial vivienda libre | 4.455,00 m ² |
| residencial vivienda protegida | 1.920,00 m ² |
| comercial | 66,00 m ² |
| número de viviendas | 43 viv. |
| residencial vivienda libre | 27 viv. |
| residencial vivienda protegida | 16 viv. |
| número estimado de habitantes | |
| 2,50 membros por vivienda | 108 habitantes |
| número de plazas de aparcamiento | 106 plazas |

| | |
|-------------------|-------------------|
| residencial | 86 plazas |
| dominio público | 20 plazas |
| número de árboles | 65 árboles |

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no antedito informe técnico do 22.07.2021, que se incorpora ao presente expediente e lle serve de motivación á presente proposta, de conformidade co pautado no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 182, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

O Presente instrumento de desenvolvemento -PERI UA 3 MONTANA, que neste intre se somete a aprobación inicial, consiste na documentación presentada no Rexistro electrónico desta XMU con datas do 01.07.2021 (Cod. Sol.: W573195-3915) e o 21.07.2021 (Cod. Sol.:W580466-3085)que inclúe un exemplar en formato dixital, conformado pola documentación que a continuación se relaciona, e asinada dixitalmente polos técnicos redactores, D. José Luis Pereiro Alonso e D. Simón Pereiro López-Quecuty,

CARPETA I.-Documento ambiental estratéxico, CARPETA II.- Planos de información, CARPETA III.- Memoria informativa, CARPETA IV.-Memoria xustificativa, CARPETA V.- Anexo.- Ficha resumo do ámbito; CARPETA VI.- Anexo.- Estudo de avaliación da mobilidade; CARPETA VII.-Estudo económico; CARPETA VIII.- Planos de ordenación urbanística; CARPETA IX.- Ordenanzas reguladoras , CARPETA X.- Catálogo; CARPETA XI.- Estudo do paisaxe urbano e xustificación do Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe, CARPETA XII.- Xustificación do cumprimento do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paixaxe de Galicia.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 22.07.2021 a arquitecta xefa de planeamento e xestión, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa, e procede a súa aprobación inicial, ao concluír sobre o cumprimento do esixido nos artigos 170 e seguintes do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente modificación puntual, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, deberá ser informado polo Interventor municipal para a súa consideración polo órgano competente na adopción do acordo que proceda.

IV. Formulación dos Plan Especial

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos



Concello de Vigo

Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

No caso dos planes formulados polos particulares, que é o suposto que nos ocupa, deberán cumprir o establecido nos artigos 159 e 160. Asemade, con anterioridade a súa tramitación, os servizos técnicos municipais e as empresas suministradoras e/ou distribuidoras deberán informar, no prazo máximo dun mes, sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos, de conformidade co pautado no artigo 162.g) do mesmo corpo legal. Transcorrido o dito prazo sen que se houbera emitido o informe, poderase continuar coa súa tramitación.

V. Avaliación Ambiental estratéxica

Consta como se ten significado no corpo da presente, que con data do 15.11.2018 a Dirección Xeral de calidade ambiental, formulou o informe ambiental estratéxico relativo ao presente PERI, e remitido a esta Xerencia Municipal de Urbanismo o día 5.12.2018, así como unha copia dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas ao que se someteu o DAE e o borrador da proposta, e que corresponden ao Instituto de Estudos do Territorio, á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, á Dirección Xeral de Mobilidade e á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica. Neste informe ambiental estratéxico o órgano ambiental determina que o PERI non ten efectos significativos no medio, polo tanto, o plan especial poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza (art. 75.3.b) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, LSG) e art. 186.3.b) do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo, RLSG).

Dita Resolución da Dirección xeral de Calidade ambiental e cambio climático, inseriuse mediante anuncio do 16.11.2018, no DOGA do 21.12.2018 polo que se fai público o informe ambiental estratéxico do do PERI da unidade de actuación UA-3 Montana(Código2127/2018).

VI. Procedemento de tramitación

O presente Plan Especial de Reforma interior da UA3 Montana, ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:

- Aprobación inicial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Por imperativo do artigo 25 do RDLex.7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo estatal, a documentación que se exporá ao público incluírá un resumo executivo expresivo dos extremos que en dito artigo se definen; Asemade efectuarase a publicidade

telemática do anuncio de sometemento a información pública na sede electrónica do Concello de Vigo

- Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.
- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

VII. Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimamente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

VIII. Suspensión de licenzas

De conformidade co previsto no artigo 47.2 da LSG *o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso no que as novas determinacións do mesmo supuxeran a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinarase expresamente as áreas afectadas pola suspensión.* Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.

IX. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente o «Plan Especial de Reforma Interior UA 3.MONTANA.» corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).



Concello de Vigo

En consecuencia, visto o que antecede, e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal, e de conformidade co informe técnico emitido pola Xefa de planeamento e xestión con data do 22.07.2021, que se incorporan ao expediente e ao texto da presente e lle serven de fundamentación consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, propónse á Xunta de Goberno Local, adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Prestar aprobación inicial ao «Plan Especial de Reforma Interior UA 3.MONTANA», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido por “ARQURA HOMES, fondos de activos bancarios”, con CIF V8835928, (trala subrogación e cambio de titularidade efectuada no presente expediente con data do 21.01.2020) que inclúe a documentación técnica inserida polo técnico redactor D. Simón Pereiro Lopez-Quecuty, no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con datas do 01.07.2021 (Cod. Sol.: W573195-3915) e o 21.07.2021 (Cod. Sol.:W580466-3085) consistente en Borrador e DAE- achegada en soporte dixital, documentación toda ela asinada dixitalmente, con firma válida, polos arquitectos D. José Luis Pereiro Alonso e D. Simón Pereiro López-Quecuty

SEGUNDO: Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.

TERCEIRO: O presente acordo determina, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.”

Visto o informe de fiscalización do 18/11/2021, as dilixencias da Secretaria de Admón. Municipal de data 09/12/2021 e 14/12/2021 e, trala documentación presentada o 10/03/2022 polo equipo redactor do PERI anexa á redactada o

21/07/2021, visto o informe emitido pola xefa de Área de Desenvolvemento Urbanístico de data 30/03/2022, e o informe-proposta de data 12/04/2021, asinado polo secretario xeral do Pleno e da Xerencia de Urbanismo, **a Xunta de Goberno local adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO. Prestar aprobación inicial ao «Plan Especial de Reforma Interior UA 3. MONTANA», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido por “ARQURA HOMES fondos de activos bancarios”, con CIF V8835928 (trala subrogación e cambio de titularidade efectuada no presente expediente con data do 21.01.2020) que inclúe a documentación técnica presentada en soporte dixital e sinatura válida polos arquitectos redactores Simón Pereiro Lopez-Quecuty e José Luis Pereiro Alonso no rexistro electrónico da Xerencia Municipal de Urbanismo en datas do 01.07.2021 (Cod. Sol.: W573195-3915), 21.07.2021 (Cod. Sol.:W580466-3085) e 10.03.2022 (Cod. Sol. W668665-5559) substituindo esta última a Normativa Urbanística do mesmo documento anterior.

SEGUNDO. Someter a información pública o presente expediente, incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no “Diario Oficial” de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.

TERCEIRO. O presente acordo determina, por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do RLSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

.- Expediente de contratación dunha poliza de seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Excmo Concello de Vigo e seus organismos autónomos. Expte. 20868/240.

.- Proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo. Expte. 2336/150.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

19(255).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DUNHA POLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO EXCMO CONCELLO DE VIGO E SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EXPTE. 20868/240.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 1/04/2022 e o informe de fiscalización do 08/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/03/2022, asinado polo xefe de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Patrimonio e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN::

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Concelleira Delegada de Patrimonio, en data 23 de decembro de 2021, resolveu iniciar os trámites administrativos para a contratación dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- En virtude do resolto, emitiuse por esta xefatura de servizo, en cumprimento do disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, o correspondente informe de necesidade e idoneidade na contratación desa póliza de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos e, así mesmo, redactouse o 23 de marzo do 2022 o Prego de prescricións técnicas para a súa contratación, atendendo a redacción da clausula de defensa e fianza proposta pola asesoría xurídica e o informado pola Correduría de seguros municipais respecto a franquía, incorporando igualmente ó expediente a memoria económica e a xustificativa asinada o 23/03/2022.

O 9 de marzo do 2022 emitiu informe o servizo de Contratación conforme o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, procedendo na data 25/03/2022, á emisión do Prego de Cláusulas administrativas particulares para a contratación de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos, polo procedemento aberto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo



Concello de Vigo

116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), tendose incorporado ó expediente o correspondente documento contable de retención de crédito.

Quinto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e fiscalización da Intervención (artigo 116.3 LCSP), con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do anteriormente exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dunha póliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e seus organismos autónomos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Xefe do Servizo de Patrimonio en data 23.03.2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 25.03.2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación de DOUSCENTOS VINTE MIL EUROS (220.000 eur), a financiar con cargo a aplicación orzamentaria 9200.2240000 e a súa bolsa de vinculación xurídica, e consonte a seguinte distribución por anualidades:

| Anualidades | Importe |
|-------------|--------------|
| 2022 | 220.000,00 € |

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

20(256).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI- VIGO NA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA DE VIGO. EXPTE. 2336/150.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de xurídico e informe de fiscalización, ambos do 12/04/2022, dáse conta do informe-proposta do 11/04/2022, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 02.09.2019 por Resolución da Alcaldía delegouse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, a dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal*>> inclusive as facultades de emitir actos que afecten a terceiros e a formalización do convenio marco e convenios específicos.



Concello de Vigo

O Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convénse que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 10 de marzo de 2022 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a proposta de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para financiar a celebración da Semana Santa de Vigo, por importe de 15.573€ euros.

En data 29 de marzo de 2022 a Diocese achega solicitude de subvención para o financiamento da actuación achegando ao efecto memoria da actividade, presuposto, declaración de non solicitude nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e certificado de representación.

O convenio instrumenta unha subvención deberá cumprir o previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que no ámbito da Comunidade Autónoma ven determinada pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e regulamento de desenvolvemento

No presuposto do Concello consta a partida 9120.4890004 en concepto de “outras subvencións” así como autorización á Concellería da Área de Distritos da Concelleira-Delegada de Xestión Municipal, Contratación e Patrimonio de data 08.04.2022 da imputación do gasto por importe de 15.573 **euros** (quinze mil quinientos setenta e tres) á referida aplicación orzamentaria dos orzamentos de Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación.

Fronte ao procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no apoio ás actividades vinculadas coa celebración do Semana Santa, que contribúen á promoción cultural da nosa cidade, debido á gran afluencia de persoas que acoden ás celebracións, e na importancia destas na organización da procesións de Semana santa.

A concesión da subvención directa instrúntase mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco.

Neste senso, conforme o sinalado no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consta memoria

xustificativa sa subvención. Así mesmo consta proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

Dita subvención instruméntase mediante sinatura de convenio específico para o financiamento das actividades relacionadas coa celebración da Semana Santa por importe de 15.573 €, con cargo aos créditos orzamentarios na partida 9120.4890004. OUTRAS SUBVENCIONES do presuposto municipal 2022.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui- Vigo na celebración da Semana Santa de Vigo (Anexo I)

SEGUNDO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 15.573 € euros imputándose á partida presupostaria 9120.4890004 do estado de gastos do presuposto.

TERCEIRO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de transparencia, acceso e información pública e bo goberno.

PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA SEMANA SANTA

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, ----- de dous mil vinte e dos

REUNIDOS

Dunha parte, Doutra don Ángel Rivas González, no concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución de data 02.09.2019 respecto da dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuir ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo*>>

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, ecónomo diocesano da Diocese de Tui-Vigo, con NIF ***9825>>, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2018. En diante "Diocese"

E, D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020 , aos meros efectos de asistencia ao Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.



Concello de Vigo

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III.- Que, o Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal no que se prevé a proposta realización de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural.

IV.- Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

V.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 10 de marzo de 2022 a proposta da Diocese de Tui – Vigo, acordou a colaboración do Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo na organización e financiamento das actuacións relacionadas ca celebración da Semana Santa.

VI.- As Procesións de Semana Santa celébranse en Vigo desde tempos inmemoriais, tanto na zona centro da cidade como nas diferentes parroquias existentes no termo municipal , contando co apoio da cidadanía así como do Excmo. Concello de Vigo.

VII.- Que no presuposto do Concello consta a partida 9120.4890004 en concepto de outras

subvencións.

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración e as obrigas entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo que do mesmo se deriva nas actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo comprométese

- a) Conceder directamente unha subvención por importe de 15.573 € (IVA incluído) con cargo a partida 912.0.489.00.04 co obxecto de coadxudar ao financiamento das actuacións que conforman a celebración da Semana Santa de Vigo.
- b) Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas nestes convenio.
- c) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidade necesarias.
- d) Colaborar na promoción do evento nos distintos medios de comunicación.
- e) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula terceira.
- f) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias
- g) Regular o tráfico nas rúas relacionadas co evento, carga e descarga e os accesos aos vados nas rúas peonís, información dos cortes de tráfico e saídas alternativas ao mesmo.
- h) Autorizar o uso do dominio público

A Diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.
- b) Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- c) Obter todos os permisos e autorizacións que no seu caso sexan necesarios para a realización das actividades (solicitudes de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos...
- d) Dispoñer dun Plan de Autoprotección, se fose necesario, que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas recomendacións que deriven do mesmo e adoptar todas as medidas preventivas que en materia COVID determine a autoridade sanitaria en cada momento.



Concello de Vigo

- e) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil núm. 701553/0 de Unión Mutua Asistencial Seguros, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento;
- f) Xestionar medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- g) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- h) Publicitar as actividades incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- i) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios na programación, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
- j) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

TERCEIRA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a 15.573,00 euros (IVA incluído).

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de euros 15.573,00 (IVE incluído) equivalente ao custo da actividade.

Este financiamento realizarase efectivo con cargo á aplicación presupostaria partida 9120.4890004. Outras subvencións

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2022. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de



Concello de Vigo

facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarase copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria Novagalicia Banco da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa;

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIÓNABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos

dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Tal e como establece o art. 32.2 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o importe da subvención fíxase como unha achega por importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para o total financiamento da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

NOVENA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diócese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incorrer, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscrición da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

A resolución de concesión poderá modificarse, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.



Concello de Vigo

2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

21 (257).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez